

## Estudo preliminar

**Xesús Alonso Montero**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

ALONSO MONTERO, XESÚS (2011 [2008]). “Estudo preliminar”. En Ana Acuña e Xesús Alonso Montero (eds.), *Os Poetas galegos (1936): antoloxía consultada*. Pontevedra: Museo e Pontevedra / Sociedad estatal de conmemoraciones culturales, 15-82. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1068>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

ALONSO MONTERO, XESÚS (2008). “Estudo preliminar”. En Ana Acuña e Xesús Alonso Montero (eds.), *Os Poetas galegos (1936): antoloxía consultada*. Pontevedra: Museo e Pontevedra / Sociedad estatal de conmemoraciones culturales, 15-82.

\* Edición dispoñíbel desde o 18 de outubro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

## ESTUDO PRELIMINAR

[AO LIBRO DE XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE *OS POETAS GALEGOS: ANTOLOXÍA CONSULTADA*, 2008]

Xesús Alonso Montero

### I. Noticia do antólogo: Xosé Filgueira Valverde (Pontevedra, 1906-1996)

#### 1. O labor dun polígrafo

Cando, o 13 de setembro de 1996, faleceu don Xosé Filgueira Valverde, desaparecía, no mapa intelectual de Galicia, o seu último polígrafo. Polígrafo –aclaremos– no eido das Letras, pois, no seu tempo (1906-1996), xa era imposible, para os intelectuais de formación humanística, facer incursións de certa valía na área das disciplinas científicas. Aínda o fixo o P. Sarmiento (1695-1772), mestre, por certo, a quen Filgueira dedicou páxinas e páxinas, ilustrativas unhas, reivindicativas outras, e devotas todas.

Así pois, cando se fala do polígrafo Filgueira Valverde, referímonos á poligrafía no eido das Letras, o que non é pouco. O noso polígrafo estreouse como tal en 1923, antes de cumprir os 17 anos, a data, precisamente, en que falecía o noso gran polígrafo do XIX, don Manuel Murguía. O “rapaz” que, en 1923, publica artigos sobre Gelmírez, o mestre Mateo e o Nadal, non tardaría en facer incursións importantes, algunhas pioneiras e outras moi esclarecedoras, en Arte, Historia, Literatura, Arqueoloxía, Antropoloxía cultural, Bibliografía, Lingüística, Prehistoria, Estudos composteláns... É un labor centrado na realidade cultural de Galicia, pero, en ocasións, o noso polígrafo achégase a temas extragalégos, nalgúns dos cales (Camões, en primeiro lugar) o seu saber e a súa opinión aínda son referencia. Neste capítulo cumprirá lembrar os seus estudos cervantinos.

O labor literario de Filgueira Valverde é estritamente contemporáneo do de Ramón Otero Pedrayo (1888-1976), aínda sendo este 18 anos máis vello. Moi amigos [16] sempre, foron afíns a cuestións tan importantes como o seu fondo catolicismo e o seu conservadurismo político; tamén coinciden na poligrafía, se ben cunha diferenza esencial. Sendo os dous escritores, escritores de ficción (relato, teatro, poesía...), en Otero a súa obra de creador é máis importante cá súa obra erudita e ensaística (realmente poligráfica), mentres que en Filgueira a súa obra erudita e crítica é moi superior ás súas páxinas literarias, que nunca son desdeñables.

#### 2. O profesor de literatura, o investigador literario

É este o campo no que máis traballou. Sabido é que, como profesor de Instituto, foino de Literatura ou, para sermos máis precisos, de Lingua e Literatura Españolas, nun tempo

(1927-1976) no que non existían cátedras de Literatura Galega. Todo fai supoñer que el estaba chamado a ser o primeiro titular desta cátedra na Universidade de Santiago se a Sublevación do Dezaioito de Xullo non tronzase as perspectivas políticas e culturais do Seminario de Estudos Galegos, institución na que Filgueira foi un nome fundamental desde os seus inicios (1923). Téñase en conta que Filgueira, aínda estudante, foi un dos fundadores, e que, desde 1932, dirixía a subsección de Historia da Literatura.

Cómpre saber, con todo, que Filgueira Valverde non cursou, na Universidade, estudos específicos de Literatura. Eses estudos –os de Filoloxía Románica– non existían na Facultade de Filosofía e Letras de Santiago, onde comezou, nin na de Zaragoza, onde concluíu, universidades onde tivo que licenciarse en Xeografía e Historia, única sección existente, daquela, nas Facultades de Letras desas cidades. Malia as circunstancias académicas, Filgueira Valverde, licenciado en Historia, oposita, e con brillantez, a cátedras de Lingua e Literatura en 1935, oposición na que obtén a cátedra do instituto Nacional de Enseñanza Media [17] “Balmes”, de Barcelona. Foi unha oposición memorable: a de Antonio Rodríguez Moñino, José Manuel Blecua... Reteñamos, ó respecto, o sinalado polo profesor José-Carlos Mainer nun estudo “ad hoc”: “Blecua llegó a la filología como catedrático de instituto. Lo fue al lucrar las oposiciones de 1935, junto con una promoción irreplicable: Guillermo Díaz-Plaja, José Filgueira Valverde, Antonio Rodríguez Moñino...”<sup>1</sup>.

Nese mesmo ano defende a súa tese de doutoramento sobre unha cuestión literaria: *La cantiga CIII: noción del tiempo y gozo eterno en la narrativa medieval*<sup>2</sup>. Desde o 15 de novembro de 1935, Filgueira Valverde é doutor con Premio Extraordinario en Filosofía e Letras, el que xa o era, como Licenciado en Dereito, por Santiago, desde 1927.

*La cantiga CIII...*, sobre unha das composicións máis engaiolantes do cancionero mariánico de Afonso X, é o seu primeiro libro de investigación, un libro moi concorde coa súa inclinación profesional (a de estudoso da Literatura) e coa súa condición intelectual (sempre tan vencellada ó universo católico). Sabido é que esta tese de doutoramento suscitou o 5 de maio de 1948, de Eugenio D’Ors, unha “Cantiga nueva del monje y el pajarrillo o la eternidad modulada”. Ábrese con este envío: “dedicado a José Filgueira Valverde, cuya tesis de la “Cantiga CIII” tan importante puede ser para la historia de la Cultura”<sup>3</sup>.

### [18] 3. Do medievalista

Como estudoso do feito literario galego, quizais o capítulo máis importante son as súas páxinas dedicadas á lírica medieval. Lémbrese que se doutorou na Universidade e que se estreou como investigador coa monografía de 1936 que tanto impresionou a D’Ors. En 1931 xa publicaba na revista *Nós* (nº 92) un artigo “Sobre as cantigas de Martín Codax”, con achegas a un tema, daquela, moi tratado. Que non era un diletante no eido da lírica medieval xa o demostra no seu ensaio de 1927 “A paisaxe no Cancioeiro da Vaticana” (*Nós*, nºs 37 e 38). Era o resumo do traballo anual presentado ó Seminario de Estudos Galegos en 1925. O autor, con dezanove anos, manexa unha copiosa erudición de primeira man.

<sup>1</sup> “José Manuel Blecua en el texto”, en *La filología en el purgatorio. Los estudios literarios en torno a 1950*, Barcelona, Crítica, 2003, p. 76.

<sup>2</sup> É o nº 27 do *Boletín de la Universidad de Santiago de Compostela*, enero-marzo, 1936. (Hai reedición en Xerais, 1982).

<sup>3</sup> Publicada no Novísimo Glosario, reproducése en *Catálogo Filgueira*, p. 19 (así denominaremos o volume *Filgueira Valverde nos seus noventa anos (1906-1996). Bibliografía. Traballos. Eloxios* (compilación de María Jesús Fortes Alén), Caixa de Aforros de Pontevedra, 1996).

Neste capítulo –o da poesía medieval– é Afonso X, o Afonso X das Cantigas de Santa María, o tema que máis solicitou a atención do investigador Filgueira Valverde. Antes da súa monografía de 1936 publica en *Nós* un suxestivo artigo: “Cantigas de el Rei Sabio localizadas na Galicia. San Ero de Armenteira” (1925-1936). Xa na madurez, cómpre salientar, entre outros, o seu extenso traballo sobre o Códice Rico das Cantigas, de 1979, e a edición do texto deste prodixioso manuscrito escurialense, de 1985.

Sáibase que o erudito en lírica medieval influíu no poeta Filgueira Valverde, polo menos nunha ocasión, cando, en 1941, compón o caderno *6 canciones de mar “in modo antico”* (Pamplona, *Albor*)<sup>4</sup>. Con este xesto de neotrobador proba, doutro xeito, a súa paixón pola poesía galega da Idade Media. Desde a súa erudición medieval compuxo en 1969 o espectáculo teatral “Aucto de como Santa María foi levada aos ceos para a festa de [19] Nosa Señora de Agosto. Refeito con textos galegos dos séculos XIII e XIV” (*Grial*, nº 25).

Xa aquí, acóllome á licenza de contar unha anécdota, quizais descoñecida, que proba, moi elocuentemente, a importancia do profesor Filgueira Valverde como estudoso da poesía galega dos séculos XIII e XIV. Foi en Tréveris, no ano 1980, co gallo do congreso *Tradición, actualidade e futuro da lingua galega*, xuntanza na que se deron cita, entre outros filólogos foráneos, Luciana Stegagno Picchio, Celso Ferreira da Cunha, Anna Ferrari, Maria Ana Ramos e Elsa Gonçalves. Para estes investigadores, especialmente para os italianos, o encontro en Trier foi vaioso –e emotivo– por teren ocasión de coñecer a quen tiñan, na distancia, como mestre. Referíanse, sobre todo, ó Filgueira Valverde autor dun traballo publicado en 1949, cando algúns deles aprendían o oficio. Refírome a “Lírica medieval gallega y portuguesa”, que é un capítulo da *Historia general de las literaturas hispánicas* (Barcelona, Barna, vol. I, 1949, pp. 545-642). Eu, como opositor a cátedras, “eduqueime” neste capítulo e tiven sempre a impresión de que era un breve tratado sobre a cuestión no que o autor non só compendiaba con rigor as investigacións anteriores senón que suxería perspectivas de tratadista que, sabéndoo todo nese momento, non se limitaba a resumir, acriticamente, a bibliografía anterior, daquela xa case oceánica. Os colegas citados confirmaban a miña apreciación. Para eles foi unha festa “reatoparse” co vello mestre. Tamén para don Xosé Filgueira que, quizais, nunca tivera un recoñecemento, nesta parcela do seu saber, tan importante e tan cálido. Elsa Gonçalves, nunha conferencia recente, fai algunha alusión ó “reencontro” e ó recoñecemento<sup>5</sup>.

[20] 4. *Filgueira Valverde imparte, en 1933, na Universidade de Santiago, o primeiro curso de conferencias sobre a literatura galega*

O feito merece un capítulo especial. En efecto, en 1933, do 17 de xaneiro ó 18 de febreiro, Xosé Filgueira Valverde explica, na aula 1 da Facultade de Letras, 15 leccións co título *Curso de Literatura Galega*. Nunca, antes desa data, a Universidade de Compostela fora tribuna dun acontecer cultural destas características. Téñase en conta que, nesas datas, a facultade de Filosofía e Letras de Santiago non ofrecía materias de Filoloxía Galega (unha creación recente) nin sequera de Filoloxía Románica. A Historia da Literatura Galega

<sup>4</sup> É o nº 7 de *Albor (Cuaderno de Poesía)*, colección que dirixía en Pamplona o poeta galego José Díaz Jácome.

<sup>5</sup> “D. José Filgueira Valverde e a lírica trovadoresca galego-portuguesa” en *Memorial Filgueira Valverde. Estudios sobre lírica medieval galego-portuguesa*, Pontevedra, Cátedra Filgueira Valverde, 2002.

estaba ausente dos dous primeiros cursos da Facultade (os cursos de comúns) e dos tres da especialidade, a de Xeografía e Historia.

Na cuberta do opúsculo que contén o Programa do curso sinálase que “o profesor Filgueira Valverde” é “do Seminario de Estudos Galegos”. Todo fai supoñer que era esta institución a empeñada en introducir a Literatura galega na Universidade aínda que fose á marxe da programación oficial. O xesto tiña o seu simbolismo. O Seminario, consciente da importancia “política” da actividade, designou, como profesor, a quen, daquela, dentro e fóra da institución, era a persoa máis versada nos temas do programa. Non se equivocaba o Seminario.

Filgueira Valverde, un dos fundadores do Seminario de Estudos Galegos (na memorable data do 12 de outubro de 1923), foi unha das pezas fundamentais da institución non só no seu traballo intelectual, senón nas responsabilidades de dirección (secretario de información, secretario xeral, censor, conselleiro...). No momento en que o Seminario lle encomenda a tarefa de levar a Literatura Galega á Universidade, el era o director da subsección de Historia da Literatura (con rango de sec-[21]ción desde o 17 de outubro de 1933)<sup>6</sup>.

Quen examine con coidado os epígrafes dos quince temas, especialmente os once primeiros, decatarse do saber e da sistematización que indican. Ninguén, certamente, daquela, era capaz en Galicia de propoñer un programa tan ambicioso e rigoroso, nin sequera Ricardo Carballo Calero, compañeiro de tarefas no Seminario. Carballo Calero sería, no tardofranquismo (en 1972), o primeiro catedrático de Lingüística e Literatura galegas na Minerva compostelá.

Cómpre aclarar que, bastante antes de 1933, o ano do insólito curso do profesor Filgueira Valverde, existiu un Cuestionario de Lengua y Literatura galaico-portuguesa, nunca publicado. Foi o que presentou Víctor Said Armesto (Pontevedra, 1871 - Madrid, 1914) como opositor, vitorioso, a esa cátedra da Universidade Central, pioneira nos anais da Universidade Española. Consta este Programa, aínda inédito e que Filgueira Valverde non tivo ocasión de consultar, de 110 leccións. Os fadairos da historia decretaron que o profesor Said Armesto falecese o 17 de xullo de 1914, razón pola que non ocupou a cátedra no curso 1914-1915.

##### 5. Unha mostra da súa poligrafía en nove volumes: Adral, 1977-1996

Filgueira Valverde decide recoller en volume, no ano 1979, os artigos publicados no *Faro de Vigo* desde 1976. Titulará a colectánea, como a sección do xornal, *Adral*, título que se repetirá nos volumes seguintes, precedidos dun ordinal ou dun número romano: Segundo ADRAL (1981), Terceiro ADRAL (1984), Cuarto ADRAL (1987), V-ADRAL (1989), VI-ADRAL (1990), VII-[22]ADRAL (1992), VIII-ADRAL (1994) e IX-ADRAL (1996). Os editores deste volume aclaran, no colofón, que se rematou “de imprentar... o día de San Martiño de 1996, sendo o derradeiro deseñado e ideado polo autor antes do seu pasamento, o 13 de setembro do mesmo ano”.

Edicións do Castro, gobernada por Isaac Díaz Pardo, entendeu que a obra literaria dispersa de Filgueira Valverde non debía quedar na fragilidade e caducidade das páxinas dos periódicos. Deste xeito, as Letras galegas contan hoxe cun corpus que honra este xénero que un humanista, como Pedro Mexía, denominou, en 1540, *Silva de varia lección*. Son centos de

<sup>6</sup> Mato, Alfonso, *O Seminario de Estudos Galegos*, Edicións do Castro, 2001, p. 187.

artigos sobre palabras, escritores, oficios varios, artistas, símbolos, cancionero popular, arqueoloxía, temas composteláns, cuestións pontevedresas, mestres e amigos, festas e romaxes, camiños peregrinados, lendas... Unha boa parte destes artigos publicáronse en xornais, sobre todo no *Faro de Vigo*, pero hai volumes que recollen estudos seus aparecidos en revistas ou en actas de xornadas literarias. É o caso do titulado “A traducción dos clásicos no Rexurdimento galego” (*Primera Reunión Gallega de Estudios Clásicos*, Pontevedra, 1979), primeira incursión no tema, e “O primeiro vocabulario galego e o seu colector, o Bachiller Olea, (c. 1536)”, que fora publicado, en castelán (como o estudo “dos clásicos”), en *Cuadernos de Estudios Gallegos* no ano 1947. tamén é un estudo pioneiro na historiografía da Lingüística galega. O lector debe reparar, en calquera dos volumes desta “silva”, nas abundantes incursións que fai Filgueira Valverde no eido das palabras, dos lingüistas e das cuestións lingüísticas, incursións suficientes para cuestionarmos a aqueles que desestiman o interese de Filgueira polos temas da Lingüística galega. No foi tal.

En calquera dos nove volumes, a metade das páxinas, “grosso modo”, refírense ás Letras galegas. O autor, [23] no periódico diario, comenta un libro, glosa un feito literario, evoca un mestre desaparecido, chora a morte dun escritor amigo, explica o sentido dunha cántiga do pobo... En ocasións, relaciona a obra dun escritor foráneo (Cervantes, Góngora, Azorín...), co noso país, e, moitas veces, transita polos camiños de Galicia da man dos escritos de autores forasteiros, do Licenciado Molina ou Urrabieta Vierge a Miguel de Unamuno.

Filgueira leva ó periódico erudición precisa, en moitas ocasións primicias da súa Minerva, en artigos que atraen ós lectores de certa cultura e gratifican a doutos e expertos. Estes nove volumes constitúen un corpus formidable no que sempre se conxuga a erudición co sentido da divulgación.

Cando Filgueira Valverde se debruza sobre escritores por el moi amados (o P. Sarmiento, Rosalía de Castro, Ramón Cabanillas, Valle-Inclán, Otero Pedrayo...) hai que ler con sumo coidado as páxinas que lles dedica no *Adral*. Son autores ós que, noutras ocasións, dedicou traballos reveladores, sobre todo a Sarmiento. Foi Basilio Losada quen percibiu, como ninguén, a valía (e tamén o engado) dos centos de artigos recolleitos nesa enciclopedia literaria que é o *Adral*:

Hai uns meses, nun programa televisivo... preguntábame unha dona xentil que libros levaría eu ó desterro... O desterro tiña que ser, non sei por que, nunha illa deserta e sen máis compañía que libros. Citei eu a Proust, a Montaigne, a Leopardi, a Gracián, poemas de Rosalía e a “Patrología” do Abade Migne que dá para un desterro de mil anos. E citei tamén o “ADRAL” de Filgueira, suma de saberes e de amor a Galicia, marabilla tamén de nobre estilo. Espero tódolos anos a aparición dun destes libros que dan compañía coma un breviario. Podemos abri-lo ADRAL a toa, e entrará un nel, coa seguridade de descubrir cousas que non pre-[24]sentía, unha sabencia inmensa, feita de amor e de coñecemento, adobiado todo por un talento literario que fai de Filgueira un ensaísta excepcional...

Teño un auténtico libro de cabeceira que está á beira da miña mesiña de noite: Ensaíos, de Montaigne. A carón do Montaigne teño o *Adral* de Filgueira Valverde. Ademais tódalas noites leo dous ou tres libros, sempre un artículo de Filgueira que é unha suma enciclopedia de sabiduría prodixiosa e gracia expresiva<sup>7</sup>.

<sup>7</sup> *Catálogo Filgueira*, p. 29.

Sempre se pode matizar un texto co que, en gran parte, estamos de acordo. Eu, coa música espiritual desta declaración (case de amor) de Basilio Losada, teño que estar, no esencial, de acordo.

Dos nove volumes do *Adral* só un é monográfico, o IV, subtulado *Castelao na lembranza*. Son, en xeral, estudos máis ou menos extensos (prólogos, artigos de revista...), indispensables para coñecer certos aspectos da biografía de Castelao, especialmente da súa biografía artística. No volume figura un amigo pontevedrés de Castelao, Francisco Javier Sánchez Cantón, co que o noso artista rompeu en 1936, ruptura que Filgueira coñecía mellor ca ninguén. Pero Filgueira, neste volume, non toca aspectos políticos relacionados coa Guerra Civil. O propio Filgueira coñecía algunhas das palabras, non gabanciosas, que Castelao lle dedicou no exilio. Aínda así, as 200 páxinas deste volume son sempre admirativas para o escritor e o artista e sempre pródigas en datas e observacións sumamente útiles para o estudioso de Castelao. En calquera caso, trátase de páxinas non anteriores a 1975.

## **[25] II. O Seminario de Estudos Galegos encoméndalle a Filgueira Valverde, en 1935, o seu proxecto literario máis ambicioso: a *Antoloxía*, en varios volumes, da totalidade da poesía galega**

O magno proxecto literario concibiuse para honrar a figura de Rosalía de Castro, nada en Santiago o 24 de febreiro de 1837. Algunhas institucións galegas e varias personalidades intelectuais deseñaron, con bastante anterioridade, actividades literarias e artísticas que se realizarían no ano do centenario do nacemento de Rosalía. Estes fastos rosalianos empezaron a programarse, cando menos, en 1935. Sobre a cuestión escribín en 1999:

Cómpre saber que a Galicia republicana, especialmente a galeguista, viña deseñando e preparando, antes de xullo do 36, o primeiro centenario do nacemento de Rosalía de Castro. Teño noticia dun fermoso proxecto ideado por Fermín Bouza-Brey e Ramón Otero Pedrayo, que consistía nunha revista –*A Rosa de cen follas*– da que saírían nove números con textos en verso e en prosa dos dous creadores e ilustracións plásticas de Castelao, Colmeiro, Seoane... Doutras aspectos desta revista, delicados e orixinais, dámos noticia Bouza-Brey nunha carta –ben madrugadora, por certo– do 7 de decembro de 1935. Meses despois, o 23 de abril de 1936, un concelleiro do Frente Popular no Consistorio de Santiago, o Sr. Teijeiro Rodríguez, presenta unha proposta segundo a cal o Concello compostelán debería dirixirse ó Goberno para que este, no ano 1937, emitise un selo de correos coa efixie de Rosalía. Na proposta, que foi aprobada por [26] unanimidade hai unha importante puntualización: «... como as cousas santas hanse tratar santamente, para que iste recordo sexa feito co agarimo e o respecto que ela merece, debemos indicarlle ao Goberno que ninguén, como os nosos artistas Castelao e Castro Gil, eiscutarán o dibuxo e o grabado da lembranza...»<sup>8</sup>.

En marzo de 1936, a Asociación de Escritores de Galicia propón constituír un comité que organice os actos do centenario de Rosalía, e un comité distinto para organizar, en 1937, unha mostra do libro galego, na que figuraría a produción dos escritores galegos antigos e modernos.

<sup>8</sup> “O nome e a obra de Rosalía de Castro no exilio exterior e no exilio interior no ano do seu centenario (1937)”, *Sesenta años después. Os escritores do exilio republicano*, Edicións do Castro, 1999. (Reproducido con adicións, co título “Rosalía en 1937, ano bélico”, no meu libro *Páxinas sobre Rosalía de Castro*, Vigo, Xerais, 2004, pp. 80-81).

<sup>9</sup> V. o art. de Victoria Álvarez Ruíz de Ojeda, “Amor i-estancia de Rosalía de Castro: proxectos literarios xuvenís de Álvaro Cunquero”, *Revista de Estudos Rosalianos*, nº 2, 2002.

Para o centenario tamén Álvaro Cunqueiro preparaba unha biografía de Rosalía, que publicaría (a súa versión castelá) unha importante editorial madrileña, Espasa-Calpe<sup>9</sup>. Aínda hai máis propostas, unha delas a que fai n' *A Nosa Terra* Fernández del Riego cun título moi significativo: «Commemoración da nosa renacencia» (24-4-1936).

Non son, estes, os únicos proxectos, pero son ben expresivos do alto significado que o ano 1937 tería no universo intelectual galego. O que hoxe nos convoca é o ideado polo Seminario de Estudos Galegos.

En efecto, tarefa moi importante, como non podía ser doutro xeito, foi a programada, xa en 1935, polo Seminario de Estudos Galegos. Na xuntanza do 3 de novembro dese ano, o Seminario adoptou o acordo de [27] solemnizar o centenario de Rosalía dunha maneira condigna: ofrecer, “en varios volumes”, unha escolma da lírica galega de todos os tempos, tarefa para a que foi comisionado Xosé Filgueira Valverde. A acta, tal como a recolle Alfonso Mato, consigna, entre outros acordos:

Centenario de Rosalía

Propónse a publicación de un Cancioneiro da lírica galega en varios volumes. Acéptase i encoméndase a obra a Filgueira<sup>10</sup>.

¿Había alguén, dentro ou fóra do Seminario, máis cualificado para realizar esta inxente tarefa con máis ambición con máis criterio literario e con máis erudición? Evidentemente, non. Nesa altura, o profesor Filgueira, ademais de conselleiro do Seminario e de director, no seu seo, da subsección de Historia da Literatura, era Catedrático de Instituto desta disciplina, cátedra gañada, brillantemente, nese ano nunhas oposicións memorables pola valía dalgúns contrincantes. O profesor Filgueira, flamante catedrático, xa soaba, nos cenáculos literarios, como doutor, grao que obterá 12 días despois, o 15 de novembro, data na que defendeu o seu magno traballo *La Cantiga CIII*, tese de doutoramento cualificada “cum laude”. Filgueira Valverde, que acaba de cumprir 29 anos, posúe un “currículum” literario superior ós seus colegas, “currículum” non exento de páxinas de creación (*Os nenos*, por exemplo, de 1925).

Había no Seminario, profesionais destacados, un deles, Álvaro de las Casas (1901-1950), catedrático de Instituto, como Filgueira (se ben de Xeografía e Historia), e autor dunha excelente *Antología de la lírica gallega*, a máis completa de todas as coñecidas (do XIII ós novos do momento, sen excluír o cancionero popular)<sup>11</sup>.

Álvaro de [28] las Casas ingresara no Seminario en outubro de 1929. Pero, para os responsables do Seminario de Estudos Galegos, a persoa idónea para preparar o magno *Cancioneiro*, co debido rigor e coa debida erudición, era Xosé Filgueira Valverde, quen, ademais, tiña sona, merecida, de finalizar os traballos e de presentalos no tempo acordado. Sabido é que, moi poucos días despois, iniciou a tarefa.

Aínda ben non aceptou a “encomenda”, Filgueira Valverde, laborioso onde os haxa, púxose, decontado, en relación cunha gran parte dos poetas galegos, residisen en Galicia ou fóra (Madrid, Buenos Aires...). Pouco despois do acordo, redacta un texto no que explica as características do *Cancioneiro* –que chamará *Escolma da Lírica Galega*– e no que invita ós poetas contemporáneos a responderen a un Inquérito que lles adxunta. Impreso polo Seminario, a folla da boa nova xa era enviada por Filgueira desde o 12 de de-

<sup>10</sup> *O Seminario de Estudos Galegos*, Edicións do Castro, 2001, p. 286.

<sup>11</sup> Madrid, C. I. A. P., Biblioteca de Estudios Gallegos, 1928 (con pról. de Basilio Álvarez).



cembro. Nesa folla, o autor establece que a *Escolma* constará de seis volumes: I. Lírica medieval. – II. A Escola galaico-castelán i a Decadencia. – III O Rexurdimento. – IV. Os poetas do grupo “Nós”. – V. A nova xeración. – VI. A lírica popular.

O proxecto inicial constaba de nove volumes, se nos atemos a un apunte do propio Filgueira, que transcribimos (e que, como o texto anterior, ofrecemos en facsímile): I. A lírica primitiva. – II. Os Cancioneiros. – III. As Cantigas de Santa María. – IV. A escola galaico-castelán. – V. Decadencia e Rexurdimento. – VI. A poesía galega no XIX. – VI. Os poetas do grupo “Nós”. – VIII. Os “novos”. – IX. A poesía popular.

Sorprenden os dous primeiros volumes, no que o I acollería “vestixios da lírica primitiva” existentes “no folclore” e nos propios “Cancioneiros”. O lector debe saber que redacto esta conxectura aténdome a un dos epígrafes da primeira lección explicada no seu *Curso* de [29] 1933. Así concibido, tratábase dun volume moi para eruditos, que, quizais, non era o propósito do Seminario de Estudos Galegos. O certo é que, no proxecto definitivo, os tres primeiros volumes compéndianse nun só, cun título, por outra parte, axeitado para eruditos e lectores menos doutos: *Lírica medieval*. Estraña, nun especialista como Filgueira, que, no primeiro proxecto, ofrezca, nun mesmo volume, o V, Decadencia e Rexurdimento, binomio que tería que explicar, forzosamente, no prólogo.

### III Os poetas de 1935. Antoloxía consultada...

#### 1. Do título e da bibliografía (case inexistente)

Filgueira Valverde empezou a inxente obra polo final: polos poetas, vellos ou novos, que estaban vivos a fins de 1935. Dirixese a eles, a moitos deles, e, despois de explicarlles as razóns e o contido da *Escolma* (que sería en seis volumes), achégalles un Inquérito, un minucioso inquérito, para que, canto antes, llo devolvan coas respostas. Acláralles, na invitación, que a *Escolma* iniciárase coa publicación dos dous “volumes dos contemporáneos” (un sería o dos “vellos” –poetas do grupo “Nos”– e o outro o dos “novos” –“a nova xeración”–).

Son palabras que proceden da carta circular (impresa) que Filgueira fixo chegar a un número moi elevado de escritores da época (V. facsímile). Por ela coñecemos o título xeral da obra, da hexaloxía, *Escolma da Lírica Galega*, que difire do indicado na acta do Seminario de Estudos Galegos, *Cancioneiro da lírica galega*. Pola cir-[30]cular coñecemos o título dos dous volumes dedicados ós poetas contemporáneos, *Os poetas dos Grupo Nós* (vol. IV) e *A nova xeración* (vol. V), pero non temos noticia do título asignable ó conxunto deses dous volumes. Pasado moito tempo, sete décadas, Filgueira consignou: *Os poetas de 1935. Antoloxía consultada do Seminario de Estudos Galegos*.

Este é o título que figura na páxina 97 do *Catálogo* compilado por M<sup>a</sup> Jesús Fortes Alén, saído do prelo o 24 de outubro do 1996, poucos días despois do falecemento do polígrafo, dato (e data) que nos fai pensar que o ilustre erudito “colaborou” nesta compilación bibliográfica, especialmente no apartado que nos ocupa, o de “obras en preparación”, onde só se consigna, por certo, esta: *Os poetas de 1935. Antoloxía consultada...* Este era, pois, o título, título que acolle dúas características moi importantes: que a antoloxía foi consultada cos poetas nese ano.

O título, para nós, sería: *Os poetas galegos de 1936. Antoloxía consultada* de Xosé Filgueira Valverde. Só difire, co proposto polo antólogo, na mención do ano. É certo que Filgueira redacta o Inquérito en 1935 (probablemente en novembro) e que o envía nese ano (cónstanos que a maioría en decembro), pero tamén é certo que todos os poetas, sen excepción, contestan en 1936 (xaneiro, febreiro, marzo...), algún, incluso, o 17 de xullo (Antón Zapata). Neste e nalgún outro autor hai poemas inéditos posteriores a 1935.

Quede claro, de novo, que a idea da Escolma foi do Seminario de Estudos Galegos, pero foi a institución a que delegou en Filgueira Valverde, quen asumiu a responsabilidade intelectual da obra, sen excluír a faceta, para o período contemporáneo, de que fose unha antoloxía consultada.

A ambiciosa e magnífica *Antoloxía* do profesor Filgueira Valverde, só publicada nunha moi pequena parte, non [31] ten suscitado entre os eruditos traballos de conxunto, agás un, moi breve, de Álvaro Varela Suanzes-Carpegna publicado no volume *Cinguidos por unha arela común* (Universidade de Santiago de Compostela, II, 1999). Cómpre engadir que nun recente número da revista *Ínsula* (Madrid, 721-722, en.-febr., 2007), enteiramente dedicado ás *Antologías poéticas españolas. Siglos XX-XXI*, a escolma de Filgueira non se menciona. Tampouco se mencionan outras importantes escolmas galegas, incluída a de Fernández del Riego.

## 2. O “Inquérito”: de Gerardo Diego a Filgueira Valverde

Cómpre insistir no feito de que se trata dunha antoloxía “consultada”, e aclarar que é a primeira, destas características, na historia das antoloxías galegas. Ningún dos antólogos anteriores, cando acollen poetas contemporáneos, dialogan con eles para elaborar a escolla, solicitar unha autopoética...: nin Antonio de la Iglesia (1862, 1886), nin Eugenio Carré Aldao (1911), nin Álvaro de las Casas (1928)...

Cando Filgueira, a fins de 1935, idea o perfil da súa Escolma contemporánea, paira sobre el unha antoloxía española moi presente nos medios literarios españois e de notable éxito, tanto que, publicada en 1932, reeditouse en 1934. Trátase de *Poesía Española. Antología 1915-1931*, da que é responsable Gerardo Diego (Madrid, Signo, 1932). O antólogo aclara no limiar:

Por eso este libro es un poco un libro colectivo, no sólo en el contenido, sino en el gusto y la responsabilidad. Salvo una excepción, la de Emilio Prados, que reiteradamente me manifestó y manifestó a sus amigos, a nuestros amigos intercesores en el pleito, su firme voluntad de no participar con ningún género de colaboración activa en este libro, aparece con la conformidad [32] explícita de todos, solicitada por mí, y con la ayuda, el consejo y en muchos casos el fervor participante de mis compañeros. Y gracias a la generosidad de todos, a quienes debo público reconocimiento por el desinterés con que me han enviado los datos requeridos y con que han puesto a mi disposición su obra inédita, para que yo espigara en ella, o me han facilitado la labor enviándomela ya seleccionada por ellos mismos. En general, mi gusto lo he consultado, siempre que me ha sido posible, con los autores respectivos, y aparece así la selección, aunque hecha esencialmente por mí, con el beneplácito y colaboración de todos. [...] Réstame añadir algunas advertencias sobre la ordenación del libro. No he seguido en los autores el orden estrictamente cronológico, sino más bien un orden lógico que difiere muy poco. No precisamente la aparición del primer libro, sino más bien la fecha de su formación poética, atestiguada unas veces en la publicación de libros o poesías

sueitas, y otras en el carácter mismo y sentido de la obra inicial. Precede a cada poeta una breve indicación de su vida y de su obra, publicada e inédita. Y una declaración de principios poéticos, que de todos he solicitado, y que el lector y yo debemos agradecerles. Lo he creído mucho más interesante que hablar yo por cuenta propia. (p. 10)

Filgueira, fiel ós criterios de Gerardo Diego, solicita dos autores, ademais de textos inéditos, unha autopoética e datos biobibliográficos. De todos os xeitos, o Inquérito elaborado por Filgueira foi, sen dúbida, máis extenso e minucioso có de Gerardo Diego. Vexámolo:

## INQUÉRITO PREVIO A UNHA “ESCOLMA DA LÍRICA GALEGA”

### BIOGRAFÍA DO POETA

Ascendencia.

Lugar de nacemento. Lugares de residencia. Lugares preferidos.

[33] Estudos. Traballos.

A vida familiar. A profesión. A loita pol-a vida.

As aspiracións i-o estilo de vida.

### FORMACIÓN

A vida i-a formación.

Leituras.

Preferencias artísticas e literarias, no galego e no universal.

### OBRA

Epocas da propia obra.

O publicado i-o inédito.

Proieitos.

Xeito de traballo.

### POÉTICA

O poeta i-a súa obra.

Doutrina e técnica.

Roteiros da nova poesía.

Criterio sobor da poesía galega.

### LENGUAXE

Rexión da nosa terra onde se afinan os seus modos de expresión.

Preferencias na dialectoloxía galega e criterio ortográfico.

### BIBLIOGRAFÍA

Relación, cuidadosamente pormenorizada, de impresos. Facendo constar as distintas edicións, lugar, editorial e ano; número, de páxinas, formato, ilustracións, xustificación da tirada, etc.

Relación de inéditos con noticia do seu contido.

## A ESCOLMA

Que poetas da súa xeración pensa que deben figurar na antoloxía.

Perto de cales quixera ser situado.

Qué poemas da propia obra quixera que se incruisen: orde de preferencia o correccións.

Qué poemas desexaría escriuír.

NOTAS.- Enviamos varios exemplares deste inquérito a cada escritor por si, por erros de dirección ou por escrusión involuntaria, non tivera chegado aínda a outros poetas seus coñecidos. Deste xeito os requeridos poderán axudarnos a xeneralizar o inquérito.

[34] As respostas deben enviarse dentro do mes de Nadal<sup>12</sup> ao domicilio do Director da Sección de Literatura do Seminario, Dr. Filgueira Valverde, Arzobispo Malvar, 47.- Pontevedra.

Quen consulte a *Antoloxía* de Gerardo Diego, incluso na segunda edición<sup>13</sup>, decatarse de que o asedio ós poetas antologados foi menos rigoroso e minucioso. Hai, na enquisa de Filgueira, epígrafes que non terían sentido nas formulacións de Gerardo Diego. O caso máis evidente son os dous do capítulo 5, “Lenguaxe”: “Rexión da nosa terra onde se afincan os seus modos de expresión”, “Referencias na dialectoloxía galega e criterio ortográfico”. Fóra destes dous epígrafes, centrados na problemática lingüística inherente á condición de escritor galego naquelas datas, hai outros que non proceden do cuestionario do antólogo castelán. No capítulo da Poética os escritores galegos no só son requiridos para que formulen unha autopoética (“Doutrina e técnica”) senón que deberán pronunciarse sobre outros aspectos. É rico tamén o capítulo primeiro, “Biografía do poeta”, constituído por cinco apartados.

Así pois, Filgueira, ó concibir, como consultada, a súa *Antoloxía*, parte dos criterios de Gerardo Diego, pero, á hora de redactar o Inquérito, faino non só con máis amplitude e minuciosidade senón que o axeita ás circunstancias lingüísticas dos nosos escritores. Que Filgueira se inspira na *Antoloxía* de Gerardo Diego é algo que el mesmo ten recoñecido e precisado. En 1991, cando recolle e publica as respostas de Álvaro Cunqueiro, afirma, referíndose á súa *Antoloxía*: “Para dispola apelouse á consulta, seguindo o modelo da recente de Gerardo Diego”<sup>14</sup>.

### [35] 3. Respostas ó chamamento

No prólogo que acabo de citar, o propio Filgueira Valverde ofrécenos estes datos:

A consulta foi dirixida a medio cento de poetas, novos e vellos. Consérvanse vintetantas respostas. Algunhas cartas foron devoltas por erro de enderezo (entre elas as de García Lorca e Euxenio Montes). Perdéronse respostas como a de Cabanillas.

Cando escribe estas liñas, Filgueira Valverde non recorda con precisión o número de respostas recibidas, que son, polo menos, trinta e dúas, non “vintetantas”, como consigna el. Na oceánica documentación obrante na Fundación Xosé Filgueira Valverde (Museo de Pontevedra), a arquiteira M<sup>a</sup> Jesús Fortes Alén logrou xuntar un corpus de respostas su-

<sup>12</sup> Corrixido por enriba á man para poñer “Xaneiro”.

<sup>13</sup> *Poesía Española. Antoloxía (Contemporáneos)*, Madrid, Signo, 1934.

<sup>14</sup> *Autopoética e poesías (1935)* (ed. de X. Filgueira Valverde), Santiago, Consello da Cultura Galega, 1991, p. 5.

perior ó indicado polo propio antólogo, e é lícito sospeitar que, entre tanto material literario, aparezan algún día outras respostas.<sup>15</sup>

Consérvase unha páxina manuscrita (é un folio dobre), co título “Inquérito pra unha escolma da lírica galega”, na que Filgueira consigna 44 nomes de poetas, algúns, por tanto, ausentes da presente *Antoloxía*. Uns xa eran moi importantes (Ramón Cabanillas, Noriega Varela...), outros tiñan certo predicamento (Lugrís Freire, Lisardo R. Barreiro, Euxenio Montes, Manuel L. Acuña...), e un terceiro grupo estaba nos seus inicios poéticos (Aníbal Otero, Ánxel Fole, Xosé Velo, Celso E. Ferreiro...). Nesta páxina, Filgueira, sempre tan coidadoso, precisa a data na que envía o Inquérito e a data de resposta.

Existe outro manuscrito, tamén autógrafo, sen título e coas características dun borrador, no que se consignan uns 80 nomes de poetas vivos, moitos dos cales non figuran na folla descrita anteriormente. Rexistramos algúns: Herminia Fariña, Roberto Blanco Torres, [36] Vicente Risco, Xosé Rubinos, Xerardo Álvarez Limeses, Luís Tobío Campos, Xesús San Luís Romero, Francisca Herrera Garrido... Teño a certeza de que lles enviou o Inquérito. Dun deles, García Lorca, temos proba documental. Todo fai supoñer, pois, que os Inquéritos enviados superan, con moito, o número de 44, que son os nomes consignados na primeira das follas manuscritas. Sabemos, por outra parte, que Filgueira recibiu respostas de escritores non consignados na segunda folla manuscrita (a relación máis extensa). Repare o lector na nota (impresa) do Inquérito:

Enviamos varios exemplares deste inquérito a cada escritor por, si por erros de dirección *ou por escrusión involuntaria* (subliñado noso), non tivera chegado aínda a outros poetas seus coñecidos. Deste xeito os requeridos poderán axudarnos a xeneralizar o inquérito.

En efecto, por esta vía (indirecta), chéganlle a Filgueira, polo menos, cinco respostas: a de Avelino Díaz, desde Buenos Aires (aconsellado por Antón Zapata García); a de Manuel García Barros, desde A Estrada (animado por unha nota de *El Pueblo Gallego*); a de Eliseo Pulpeiro, desde Buenos Aires (instado por Antón Zapata); a de Miguel Revestido, desde Buenos Aires (a instancias do mesmo Zapata), e a de José Ribas Montenegro, desde Madrid. En realidade, trátase de cinco poemas que o autor puxo nas mans de Fernández del Riego para que “llos recomendara a quen correspondese”.

O procedemento, eficaz para o erudito, era arriscado para o antólogo, que, deste xeito, quedaba obrigado a ofrecer, na *Antoloxía*, textos, aínda que fosen moi escasos, de escritores non só de pouca sona senón de moi exiguo nivel, o que era máis grave. Cando Filgueira fai a solicitude directamente, el sabe o que arrisca. Non é o mesmo recibir versos, solicitados, de Xesús Bal, Xosé Velo e Aníbal Otero (dos que coñece poemas publicados en revistas), que atoparse con poemas de escritores que [37] el mesmo non coñecía (Miguel Revestido) ou non catalogados, daquela, como poetas (García Barros). Hai que pensar que algúns poetas –vellos ou novos, con predicamento ou case inéditos– tiveron que sentirse invitados a colaborar polas notas “ad hoc” publicadas, entre outros, por Ángel Sevillano e Ánxel Fole, en *El Pueblo Gallego*, ou polo anuncio aparecido en *Logos* (nº 47, 1935, p. 109). Unha desas noticias publicadas en *El Pueblo Gallego* foi a que animou a Manuel García Barros (non tido como poeta) a enviar, se ben por persoa interposta, os seus versos a Filgueira Valverde. Houbo, sen dúbida, outros casos.

<sup>15</sup> A profesora Ana Acuña adxuntou ó corpus compilado pola douta arquiteira, a resposta moi extensa e rica de Ricardo Carballo Calero.

De ter publicado Filgueira a *Antoloxía*, en 1936, ¿ofrecería textos, por poucos que fosen, dalgúns dos poetas ós que el non lles enviou, directamente, o Inquérito? Aínda que falei co profesor Filgueira varias veces sobre a *Antoloxía*, nunca lle fixen esta concreta pregunta. Nesas conversas sempre o animei a que acometese a edición, pero nunca lle preguntei sobre os criterios estritamente antolóxicos. No fondo, eu supuña que el, sesenta anos despois do Inquérito, limitárase a ofrecer todo o material achegado polos autores, sen discriminar a ningún, ou sexa, cartas, respostas ó inquérito e os versos (éditos e inéditos) achegados ou propostos polos poetas.

#### 4. Sobre o código lingüístico dos poetas da Antoloxía

Na proposta do Seminario de Estudos Galegos e na interpretación de Filgueira Valverde, enténdese que a *Escolma da Lírica galega*, en calquera dos seus seis volumes, só acollería poemas en idioma galego. Aínda sendo bilingües os poetas consultados, nada indica que a súa produción en castelán fose ter algún tipo de presenza nas páxinas da *Antoloxía*. De feito, ningún deles enviou textos neste idioma, nin éditos nin inéditos. Verbo desta cuestión cómpre examinar a carta de [38] Francisco Leal Insua (1912-1997), poeta en castelán antes e despois de 1936. Na carta –a única non redactada en galego– faille esta interpelación a Filgueira Valverde:

Recibo el “inquérito” para la *Escolma da lírica galega* y, como yo siempre escribí en castellano... se me ocurre, antes de contestar a este “inquérito”, preguntarle si para esta antología les interesa la obra de los poetas gallegos que solo escribimos en castellano.

Cómpre pensar que, se foi o propio Filgueira quen lle enviou o Inquérito, é porque suporía que Leal Insua, ás veces, escribiría en galego. Leal Insua, interesado en que o seu nome non estivese ausente da *Antoloxía*, propuxo unha fórmula que Filgueira non podía aceptar: publicar poemas seus que traducira ó galego Noriega Varela.

Que se saiba, ningún dos interrogados enviou poemas en castelán, pero sabemos que dous dos escritores, ademais de remitiren textos galegos, ofreceron algúns noutro idioma.

O caso máis “sorprendente” é o de Álvaro Cunqueiro, que lle fai chegar, nun corpus de once textos, dous poemas en catalán: a “Cantiga catalana”, dedicada a Tomás Garcés, e “La nit es bruna”, dedicada a Josep Carner. O primeiro fora publicado en *Quaderns de Poesia* (Barcelona, nº 4, novembro, 1935)<sup>16</sup>. Supoñemos que Filgueira, de ter publicado a *Antoloxía*, acollería estas dúas composicións como expresión da admiración e da mestría do autor por unha lingua de historia cultural semellante á galega. Explicase ou non, en nota, os motivos da inclusión, estará claro que a presenza dos poemas cataláns, no corpus textual da *Antoloxía*, non tería o significado atribuíble a textos en castelán. Por certo, [39] Cunqueiro é autor doutro poema en catalán: “Aquesta es la cançó del rossinyol de la mort cruel”<sup>17</sup>. É menos sorprendente o poema “Noivados” de Victoriano Taibo. Na carta aclárralle: “... vai en portugués, detalle que non será encomenente”. Supoño que non o sería, se temos en conta, ademais, que o poema está dedicado a Teixeira de Pascoaes.

<sup>16</sup> É na revista onde se publica con título; no ms. que lle manda a Filgueira carece de título.

<sup>17</sup> V. o meu art. “Álvaro Cunqueiro: tres poemas en catalán e unha carta en galego a Tomás Garcés”, en *Álvaro Cunqueiro e as amizades catalanas*, Ediciós do Castro, 2003, pp. 11-29.

Volvéndonos ó castelán, cómpre examinar o corpus de José Díaz Jácome, un corpus de “catro cousas”, como precisa na carta. O certo é que o autor lle envía cinco poemas, en castelán o quinto (“Canción de la espuma florida”). ¿Quere isto dicir que ese texto –fóra das “catro cousas”– non ía destinado á *Antoloxía*? Agora ben, se “catro cousas” é indeterminado (unhas cantas cousas), hai que pensar que quere ser representado como poeta bilingüe. Aboaría esta suposición o feito de que, nesa altura, Díaz Jácome non lera o Inquérito, no que hai un epígrafe moi orientativo sobre a cuestión bi-lingüística: “Rexión da nosa terra onde se afincan os seus modos de expresión.”

Sobre o monolingüismo da *Antoloxía* estampa Carballo Calero, no seu Inquérito, unhas palabras que asumiría, sen dúbida, Filgueira Valverde:

Non dubido que os poemas da *Antoloxía* terán que estar escritos en língua galega e que iste criterio será absolutamente pechado. O contrario anularía o fin político-cultural que debe cumprir o frorilexio. Sería interesante recoller as poucas cousas enteiramente galegas de don Ramón del Valle-Inclán. Pero, en fin, sobre todo isto non dubido que a túa orientación será in mellorable.

**[40]** 5. *Antoloxías consultadas da poesía galega: de Xosé Filgueira Valverde (1935) a Francisco Fernández del Riego (1955)*

A segunda antoloxía consultada (pero a primeira en publicarse) foi a de Fernández del Riego, titulada *Escolma de poesía galega. IV. Os contemporáneos* (Vigo, Galaxia, 1955). Son cincuenta poetas (de Noriega Varela a Novoneyra), parte dos cales foron consultados. Así o expresa Fernández del Riego no Limiar:

Pra unha millor comprensión, acompañan á escolma dos poemas as notas biográfica e bibliográfica de cada autor; ademáis, seguindo un método xa empregado por Gerardo Diego, amécese unha sucinta esposición sobre a súa poética peculiar ou sobre o seu concepto da poesía, espresada en moitos casos polos propios líricos escolmados. A edición está enriquecida con varios poemas inéditos dístes, e a escolma fíxose partindo dun a xeito de acordo entre as preferencias do propio poeta e as do antólogo, na gran maioría dos casos (p. 14).

Así pois, tanto Filgueira Valverde como Fernández del Riego recoñecen que adoptan – e adaptan– o “método” de Gerardo Diego. Está claro que o “inquérito” de Del Riego (que non se imprimiu) é algo menos minucioso có de Filgueira, pero coincide nalgúns aspectos fundamentais (solicita unha “poética”, solicita textos inéditos...). Na concepción da antoloxía hai unha coincidencia fundamental: só se acollen poemas en lingua galega, sexan ou non galegos os seus autores. Sabido é que Filgueira enviou invitación e inquérito a Federico García Lorca (“devoltas por erro de enderezo”); en canto a Del Riego, non só nos ofrece os *Seis poemas galegos* de Lorca, senón sete composicións do xienense Juan Pérez Creus (1912-1999), que publicara en 1951 *As canciós d’ise amor que se diz olvido* (Pon-tevedra, col. Benito Soto).

Sabido é, tamén, que en 1956 a *Escolma* de Del Riego suscitou comentarios adversos por parte dalgúns poetas **[41]** galegos de lingua non galega, un deles Miguel González

Garcés<sup>18</sup>, quen, a partir de 1961 (*Bailada dos anxos*), publicará en galego varios poemarios. Por certo, a *Escolma* de Del Riego, fraterno amigo de Carballo Calero, acolle as composicións poéticas en galego de Valle-Inclán.

Quen queira *situar* a *Escolma* de Fernández del Riego dentro do panorama das escolmas consultadas da Posguerra, lembre que só é posterior en tres anos á de Francisco Ribes, *Antología consultada de la joven poesía española* (Santander, 1952).

## 6. Outras consideracións

Filgueira, destinatario dun inxente e importante material, tardou moitos anos en facer referencia á súa *Antoloxía consultada*. Fíxoo por primeira vez, se non estou trabucado, en 1978-1979, que esta é a data do número de *Cuadernos de Estudios Gallegos* onde exhuma as respostas ó Inquérito de Otero Pedrayo. Publicaría despois, total ou parcialmente, as respostas de Aquilino, Celso Emilio, Cunqueiro e Bouza-Brey. Hai que chegar a 1986 para que Filgueira declare publicamente o propósito de publicala: "... gardo, con agarimo, as súas respostas á miña antoloxía consultada de 1935, que estou a dispor para a publicación". Está a falar de Iglesia Alvariño ("Da autopoética de Aquilino", *Faro de Vigo*, 17-5-1986). Dez anos despois, Filgueira Valverde parece estar aínda nunha fase moi incipiente da elaboración do traballo. No *Catálogo Filgueira*, a *Antoloxía consultada* figura como obra "en preparación" (1996, [42] p. 97). ¿Publicaría de ter vivido algún tempo máis? Era unha obra moi vencellada a 1936 (e truncada por aquela traxedia), razón pola cal Filgueira tardou catro décadas en mencionala e cincuenta anos en anunciar que estaba a preparar a súa edición. Non se lle escapaba ó profesor Filgueira Valverde a importancia e a singularidade da *Antoloxía*, pero tamén é certo que se trataba dunha obra que evocaba moi directamente, o drama do 36: o drama seu e o drama, moi distinto, dos compañeiros do Seminario de Estudos Galegos que caeron nese ano ou foron represaliados. Consciente Filgueira da importancia da obra foi, nos últimos anos, editando algúns capítulos (Aquilino, Cunqueiro...) pero non se pode asegurar que acometese a tarefa da edición total. En calquera caso, en 1996 a *Antoloxía consultada* estaba aínda "en preparación".

Eran aqueles –1935, 1936– anos de entusiasmo, anos de proxectos e anos de fervor cultural. Eran, tamén, os meses de 1936, meses convulsos, razón pola cal algúns poetas non contestaron ó intelixente Inquérito do profesor Filgueira Valverde, especialmente os escritores máis de cheo comprometidos coa "res publica". Cando, quizais no acougo do verán, este ou aquel poeta se dispuña a ordenar os seus versos preferidos e responder ó Cuestionario, soou o canón en Madrid, en Barcelona..., e, en Galicia, xa "Galicia mártir", imperou a represión decretada por Atila. Aquí está a causa de que algúns poetas non acudisen a unha cita literaria convocada polo prestixio intelectual do profesor Filgueira Valverde e patrocinada pola "auctoritas" do Seminario de Estudos Galegos.

Non están, na presente *Antoloxía*, todos os que eran, nin, nalgúns casos, son todos os que están. Aínda así, as 32 respostas (ás veces incompletas) achégannos un material literario non só inxente senón moi revelador para entendermos o que non poucos espíritos

<sup>18</sup> "Los poetas coruñeses somos también gallegos / Sólo uno figura en la Escolma de poesía gallega", Buenos Aires, *Lar*, n°s 269-70, marzo-abril, 1956. Finaliza o artigo con esta consideración: "La lírica gallega es la escrita por gallegos y que responden a un modo de ser y actuar gallego. Nunca la solamente escrita en idioma gallego. El idioma es factor secundario".



moi atentos afirmaban sobre a súa poesía, sobre a poesía galega en xeral, sobre os escritores que os influíron, sobre as [43] súas lecturas, sobre os seus criterios idiomáticos e ortográficos..., pois sobre todos estes aspectos eran requiridos polo pedagóxico Inquérito do profesor Filgueira Valverde. Non son desdeñables, aínda para os eruditos de hoxe, os datos biográficos e bibliográficos de moitas respostas.

No capítulo de textos, hai páxinas indispensables para onte e para hoxe: non só composicións inéditas senón dous poemarios inéditos (Xosé M<sup>a</sup> Álvarez Blázquez, Rafael Pazos Giménez). Poetas hai (Pazos Giménez, Ramos Pérez Coleman, Xosé Lois Parente) que, finalizada a Guerra Civil, non emitiron ningún signo que nos fixese pensar que, antes de Xullo do 36, militaban culturalmente no galeguismo. En moitos casos, cando de poemas coñecidos se trata, hai que reparar nas variantes, ás veces de notable entidade. Por se fose pouco, está moi presente a Galicia de Buenos Aires: Antón Zapata, o máis xeneroso no envío de versos; Avelino Díaz, moi pouco coñecido daquela; Emilio Pita, xa coa súa exquisita sensibilidade...

Unha Antoloxía de poetas, daquela tan insólita e tan importante, sae, ¡por fin! da ineditéz 71 anos despois. É unha obra que a Bibliografía galega tiña que exhumar.

## [45] APÉNDICE. DICCIONARIO DE AUTORES

### Limiar

Consignamos os 32 nomes dos que responderon ó chamamento de Filgueira Valverde. O que nos propoñemos neste Apéndice é pronunciármonos sobre algúns puntos das respostas, xa precisando algún dato, xa ofrecendo algunhas indicacións. Autores hai nos que as nosas notas aclaran a importancia do seu “corpus” poético ou fan comentarios textuais que poden ser útiles para o futuro editor deses poetas. En calquera caso, para certos autores cómpre ter moi en conta as páxinas destas respostas (carta ou cartas, inquérito e poemas), aínda tratándose de versos que xa non eran inéditos en 1936 ou que deixaron de selo en datas posteriores. Sempre están aí as variantes, que non son desdeñables.

A ese futuro editor axudaranlle as nosas notas e indicacións, pero distan, sen dúbida, de seren completas. O propósito deste Estudo preliminar é facer unha caracterización e valoración da *Antoloxía consultada* no seu conxunto, non de ofrecer unha pequena monografía sobre cada un dos 32 poetas. Pero insistimos: quen, no futuro, estude e /ou edite a un destes poetas, terá que examinar con moito coidado os datos e os poemas (cando os hai) das respostas a Filgueira. As nosas notas, neste Apéndice, non son máis ca un inicio, unha pequena axuda.

Estamos convencidos de que nalgúns autores (Juan Luís Ramos Pérez Coleman, Miguel Revestido, José Ribas Montenegro, Avelino Díaz...) hai páxinas neste Dicionario con erudición nova.

**[46] XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ**

(Tui, 1915 – Vigo, 1985)

a) “Un tío materno, Alfonso, morto xa, tamén poeta”

Un escritor para engadir ó elenco familiar antologado por Xavier Rodríguez Baixeras en *Escolma de familia / Cen anos de poesía*, Vigo, Xerais, 2000.

b) Entre as obras inéditas, consigna, en primeiro lugar, “*Os Ruíns*, novela humorística.”

Sobre este título, no apartado de “Obra inédita”, escribe o seu fillo Xosé M<sup>a</sup> Álvarez Cáccamo (“Presentación”, en *Poesía galega completa*, Vigo, Xerais, 1987, pp. 21 e 22):

*Os ruíns. Novelas* (sic) [...] Cinco relatos breves no número homenaxe a Ánxel Casal da revista *Nós*, Santiago, 1936. O volume foi impreso pero non chegou a distribuírse.

En realidade, o número dedicado a Ánxel Casal (139-144) corresponde a Xulio-Nadal de 1935: é o derradeiro da benemérita revista. *Os ruíns* (novela) consta de “Dúas verbas do autor”, “O anarquista”, “O suicida”, “O asesino”, “O ladroeiro” e “O sátiro”. Ocupa as páxinas 186-202 (a dúas columnas), textos suficientes para compor un breve volume, que foi impreso –se o dato de Álvarez Cáccamo é preciso– pero non distribuído. Hai que supoñer que foi editado en *Nós*, de Ánxel Casal, e que nos acontecementos políticos do verán de 1936 foron destruídos (como un poemario de Luís Pimentel, un libro de relatos de Ánxel Fole...).

c) De *Arco da vella* (*Poemas. 1932-34*) cómpre sinalar que era, daquela, como poemario, un libríño inédito, aínda que algúns poemas, como aclara o autor, xa foran publicados (*Cristal, El Pueblo Gallego*). [47] Sendo certo que algún se publicou, en 1949, en *Poemas de ti e de min*, unha parte dos textos nunca se editaron.

APÉNDICE: o poema de Xosé Benito Vázquez (séc. XVIII).

É sorprendente que non o inclúa, anos despois, na *Escolma de poesía galega*. Do século XIV ó XIX, Vigo, Galaxia, 1959.

**FERMÍN BOUZA-BREY**

(Pontearreas, 1901 – Santiago, 1973)

a) Filgueira, co título *Autopoética / 1935*, editou, en 1992, as respostas ó Inquérito (Consello da Cultura Galega). Fixo, ademais, un resumo das respostas no discurso académico que leu o Día das Letras Galegas (17-5-1992), que reproduce no *VIII-Adral*, Ediciós do Castro, 1994, pp. 65-66.

b) “As miñas preferencias en arte e literatura vanse cara ao popular tanto no galego como no universal. Na miña obra poética procurei recobrar a tradición perdida da lírica galega xunguindo o lirismo dos Cancioeiros galego-portugueses co presente emanado do pobo galego, dentro das normas e do gosto da moderna poesía.”

Vinte anos despois, para a *Escolma* de Del Riego, envía unha Poética da que escollemos dous fragmentos moi semellantes ós transcritos:

[48] Amo o popular con femencia, e non chego a comprender como pode existir poeta que desconozca ista fonte de emocións primitivas [...]

Teño percurado recuperar as tradicións dos nosos clásicos: os Cancioeiros medievais i o pobo. (p. 112)

c) “Das miñas lecturas dispersas lembro os poemas da quente poesía arábigo-española que traduxo e divulgou González García”.

Refírese, en realidade, ó arabista Emilio García Gómez, responsable da antoloxía e tradución de *Poemas arábigoandaluces* (1930).

d) Bouza-Brey afirma ter en preparación “*Albre e Mar*, homenaxe a Rosalía no centenario da súa nacemento”. Sabido é que Bouza-Brey foi un importante rosaliólogo, como o demostran os traballos que publicou desde 1935, boa parte dos cales foron recolleitos, “post mortem”, no volume *Artigos rosalianos* (Xunta de Galicia, 1992). Ningún dos estudos coñecidos coincide co título que o noso autor anunciaba en 1936.

Sabemos, si, que, en decembro de 1935, Otero Pedrayo e mais el programaban unha revista, *A Rosa de cen follas*, da que saírían nove números, “cada un inspirado nun vegetal”, do que eles serían directores e colaboradores únicos. Son datos que proceden dunha carta de Bouza (7-12-1935) que eu exhumei hai anos (Día das Letras Galegas. *Fermín Bouza-Brey*, Universidade de Santiago de Compostela, 1992, pp. 13-14).

#### [49] RICARDO CARBALLO CALERO

(Ferrol, 1910 – Santiago, 1990)

a) Escribe Carballo na súa carta a Filgueira (20-1-1936):

“Dixéronme que as oposicións poden ser en xullo. Por múltiples razóns, seríame imposible acudir a elas, aparte de que pra alá non daría traballado o indispensable...”

Meses despois, en xullo do 36, Carballo estaba opositando en Madrid, oposicións que foron suspendidas ó producirse a Sublevación do Dezaioito de xullo. As fases posteriores coñécense: o opositor alistase no Exército republicano, o soldado “perde” a guerra e o defensor da República, desde abril de 1939, será prisioneiro na nova España varios anos.

b) “Tamén teño escrito unha obra de teatro en poder de Casal pra que, a edite cando quera ou poda”.

Trátase, sen dúbida, de *O fillo*, “que data de 1935 e ía ser editada en Nós” (H. Rabunhal, “C. C. e o teatro”, *Estudos dedicados a R. C. C.*, Universidade de Santiago de Compostela, I, 2000, p. 284).

En calquera caso, non se perdeu, como aconteceu con outros inéditos queimados ou roubados, na editorial Nós no verán do 36 (un poema de L. Pimentel, un libro de relatos de Á. Fole...).

c) As respostas ó Inquérito publicounas Teresa López no 2002 (“R. C. C. escribe a X. F. V. Dados para a antoloxía da poesía galega do ano 1936”, *Actas do Simposio Ricardo Carvalho Calero, Memoria do século*, Universidade da Coruña, pp. 349-365). A editora, que tamén ofrece o facsímile do manuscrito, aclara en nota que a “carta deuma X. F. V. en xuño de 1990, no curso dunha entrevista no Museo de Pontevedra”. Hai que supoñer que Filgueira non lle proporcionou copia dos poemas anexos ó Inquérito.

### **[50] MANUEL CASADO NIETO**

(Castro Caldelas, 1912 - Barcelona, 1984)

a) Entre os inéditos cita o noso autor *Sol e lúa. Poemas do día e da noite*. Filgueira fai esta precisión: “[En 1935] tiña pró prelo *Sol e lúa...*” (“No pasamento de Casado Nieto”, *Terceiro Adral*, Edicións do Castro, 1984, p. 403).

b) Dos seis poemas que envía a Filgueira, catro aparecerán en *Orballo ispidio*, o seu primeiro libro en galego (1954): “Paixón”, “Marica a Parda”, “Neve” e “Poema da moza amante”, composición que se titula “Balada da moza que non chegou a nai” e que contén non poucas modificacións.

### **ÁLVARO DE LAS CASAS**

(Ourense, 1901 - Barcelona, 1950)

Titula o autor un dos últimos apartados “Penso facer”. Na lista de obras hai unha, titulada *Cançons á Patria*, que el mesmo caracteriza de “poemas arredistas”. Se a escribiu, non a publicou. É máis. En outubro de 1936 publica en Portugal a segunda edición de *Sulco e vento*, edición na que suprime os poemas máis ou menos “arredistas” que figuraban na primeira, a de 1931 (Ourense).

Sobre este cidadán galego que di de si que “o daría todo, todo, por sere útil á causa da nosa liberdade”, véxase o **[51]** meu estudo “Sobre o escritor Álvaro de las Casas: o seu estraño exilio no 36 e a silenciada segunda edición do libro de poemas *Sulco e vento* (1931, 1936)”, en *Os escritores galegos ante a Guerra Civil Española*, Vigo, Galaxia, 2007, pp. 51-69.

### **AUGUSTO CASAS**

(Ourense, 1906 – Barcelona, 1973)

a) Moi poucas coincidencias hai entre a Poética de 1935 e a de 1955.

b) Entre os libros de poesía “en preparazón”, consigna tres: *Os sonos de unha noite de inverno*, *Río* (sonetos) e *Lelias na lúa nova*. Dos dous últimos, adianta varios textos nesta *Antoloxía*. Ningún dos libros posteriores coincide, no título, cos consignados en 1936.

## **EVARISTO CORREA CALDERÓN**

(Neira de Xusá, 1899 – Pobra de Trives, 1986)

Interesantes as dúas cartas e moi interesantes as respostas ó Inquérito. Cómpre aclarar que non se atoparon os poemas mencionados na segunda das misivas, que lle envía “en nova versión”.

[52] Dispomos hoxe da *Poesía galega completa* en edición moi coidada de Xulio Pardo de Neyra (Santiago, Follas Novas, 2003). En 1936, a produción poética de Correa Calderón limitábase, como el mesmo sinala, ó caderno *Ontes*, e “algús poemas máis”. Pardo de Neyra, que se asomou a todas as fontes, ofrécenos páxinas tan curiosas como un poema en francés e a versión galega de “La gaita galaica”, de Rubén Darío.

## **JOSÉ CRECENTE VEGA**

(Santa María de Outeiro, Castro de Rei, 1896 – Segovia, 1948)

a) Asombra que un home tan bondadoso, que, como sacerdote, tiña a obriga de ser caritativo, sexa tan duro con Xosé Cabada Vázquez. ¿Por que este texto?:

“O meu parecer con respecto ós poetas que deben ir nela é que, sendo poetas, deben ir todos. Pero hai algunhos libros nos que o autor non se revela poeta. Así Cabada Vázquez en *Vagalumes* [Santiago, Imprenta do Seminario, 1931].

Estamos de acordo coa premisa maior, pero ¿é menos poeta Cabada que algúns ós que se dirixiu Filgueira?

b) “... *Codeseira* editado no Seminario de Santiago no 1933. Agora xa dixen que penso publicar outro axiña. Poñerelle *Homes dos valados* i o seu contido é semellante ó do primeiro.”

[53] Existe hoxe unha rigorosa edición da *Poesía galega completa* de Crecente Vega, feita por Ricardo Polín (Xunta de Galicia, 2002). O editor, que o sabe todo e que non reparou en esforzos, non menciona o título *Homes dos valados*. Aínda que coñece e publica 113 poemas inéditos, algúns tan valiosos que xustificaban perfectamente, un novo poemario.

## **ÁLVARO CUNQUEIRO**

(Mondoñedo, 1911 – Vigo, 1981)

a) Na carta di que “sairán axiña”, tres obras, unha delas *Amor ou estancia de Rosalía de Castro*.

Agora sabemos máis. Trátase dunha biografía de Rosalía que o autor pensaba publicar en galego, en Galicia, e en castelán na colección “Vidas españolas e hispanoamericanas”, de Espasa-Calpe, Madrid (V. o artigo de Victoria Álvarez Ruíz de Ojeda “Amor i-estancia de Rosalía de Castro: proxectos literarios xuvenís de Álvaro Cunqueiro”, *Revista de Estudios Rosalíanos*, 2, 2002, pp. 11-35).

b) Filgueira Valverde publicou en 1991, *Autopoética e Poesías / 1935 / Autógrafos e inéditos de...* Na carpeta, dous cadernos: nun, o facsímile dos manuscritos, e noutro, a

transcrición. Foi unha publicación do Consello da Cultura Galega no ano en que se lle dedicou a Cunqueiro o Día das Letras Galegas. V. tamén, do mesmo Filgueira, “Tres nótulas sobre Cunqueiro”, *VII Adral*, Edicións do Castro, 1992, pp. 111-12.

**[54] FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN**  
(Córgomo, Valdeorras, 1903 – California, 1987)

a) Poética.

Interesa moito máis a que redactou para a *Escolma* de 1955.

b) “... adeprendín moito, dun xeito mediato, do pobo, pois o Cancioeiro popular galego de López Ballesteros –coido que non estou trabucado no nome do autor–...”

Refírese a José Pérez Ballesteros, autor dos tres volumes do *Cancionero Popular Gallego y en particular de la provincia de La Coruña* (Madrid, 1885-1886).

c) Bibliografía.

Felizmente, hoxe contamos co libro de Ricardo Gurriarán, traballo minucioso no que reproduce, ás veces en distintas versións, a obra poética dispersa de don Florencio. De todos os xeitos, haberá que ter en conta os poemas inéditos que lle achega a Filgueira para completar o seu corpus poético. Ante un poema tan curioso como “Rumba” (bongó, maracas, preta...), temos que pensar que coñecía algún dos volumes do escritor cubano Emilio Ballagas, xa *Cuaderno de poesía negra* (1934), xa *Antología de la poesía negra hispanoamericana* (1935).

APÉNDICE: Manuel Valcarce.

Na carta comunícalle, con interese, a Filgueira:

Houbo en Valdeorras un poeta, Manoel Valcarce, que morreu fai 5 anos, da Xêrazón de Noriega, do que lle remitirei unhas notas da vida e varias das súas composicións si é que non se adiantaron ao meu desexo.

**[55]** Se mandou ese material, hoxe por hoxe non o sabemos, pero do poeta, tan pouco coñecido e citado, temos, agora, algunhas noticias de interese mercé a un artigo de Xosé Gayoso Díaz: “Manoel Valcárce Gómez” (*Cadernos do instituto de Estudios Valdeorreses*, O Barco, nº 1, 1980, pp. 33-36). Naceu Valcarce Gómez no Barco en 1870 e morreu en San Miguel de Outeiro o 19 de xullo de 1931. Nese número publícase o longo poema costumista de 1921 “Verbas labregas”, e no 2, outro do mesmo ano e co mesmo título.

Polo libro de Ricardo Gurriarán sabemos que Manuel Valcarce desenvolveu, nos últimos anos da súa vida, unha importante actividade galeguista.

Gayoso Díaz, no artigo citado, relaciónao con Noriega Varela “con quen ten tantos puntos de contacto e con quen mantuvo unha gran amizade”. Coñezo unha carta de 1921 de Valcarce a Noriega, moi efusiva, na que o felicita por ter pasado uns días na casa de Teixeira de Pascoaes.

## [56] AVELINO DÍAZ

(Santa Comba de Orrea, Riotorto, 1897 – Buenos Aires, 1971)

a) “Meu pai, cuio apelhido non levo, tivo, fai xa tempo, certa sona como poeta festivo (Manuel María García Castro) esquirbindo en galego i en castelán; vive aínda na dita parroquia de Santa Comba.”

Existe un libro sobre Avelino Díaz, da profesora Marivel Freire Freire, especialista moi erudita na literatura galega da Arxentina. Titúlase *Avelino Díaz: Unha voz comprometida na Galicia emigrante* e foi publicado, no ano 2002, polas Brigadas en Defensa do Patrimonio Chairego. Foi ela, sen coñecer o Inquérito de Avelino Díaz, a primeira persoa que revelou o nome e as características do pai do noso poeta:

O seu pai foi Manuel María García Castro, home medianamente acomodado na época e con inqedanzas literarias: chegou a publicar, a principios de século, poemas en revistas de Riotorto, Meira, a Ribeira de Piquín e incluso na prensa da Arxentina, segundo nos ten comunicado por carta Francisco Veita. A vea poética herdaraa, pois, Avelino da liña paterna...

Pero non todo é poesía. A propia Marivel Freire ofrécenos esta precisión: “Segundo fontes achegadas á familia paterna, a nai de Avelino, Antonia Díaz y Díaz, ós 22 anos, tivo a este do patrón da casa onde ela se encontraba traballando e polo que tivo que volver á casa paterna” (p. 8)

b) “Penso publicar un libro drento de dous ou tres meses e, se ten algún éxito (non me refiro ó material) publicar outro logo.”

Aínda tardou en publicar, máis de dez anos: *Flor de [57] retama*, en castelán (1947), *Debezos* (1947) e *Pallaregas* (1963).

c) “A obra do poeta debe ser social, idealista, humana.”

Ata o de agora é a Poética na que con máis claridade se postula o que, anos máis tarde, se chamaría poesía social. Nesta liña están algúns dos 14 poemas enviados para a *Antoloxía*, entre eles o primeiro, de título tan significativo (“¡Erguete, pobo!”).

Anos despois sería autor dun soneto no que se arrepón á poesía gasalleira e á cómplice:

Agora soio tein os bardos nosos, cando non alouvanzas pra raposos, un calado consenso de galiñas. Non a Brañas imitan, ou a Leiras, a Curros e Pondal. Son tecedeiras a facer tan somentes panxoliñas.

Se se refería, en 1958, á poesía galega do exilio interior, tiña, no esencial, razón. Eu examinei este soneto programático no meu discurso de ingreso na Real Academia Galega (*“Manifestos” en verso a favor da poesía civil nos primeiros tempos da Posguerra na Galicia da Terra e na Galicia emigrante (1939-1962)*, 1999).

Tamén é significativo que Avelino Díaz conteste a un dos epígrafes do Inquérito nestes termos:

Se eu tivese o honor de figurar na antoloxía, quixera ser situado perto dos poetas máis rebeldes...

### [58] JOSÉ DÍAZ JÁCOME

(Mondoñedo, 1910 – A Coruña, 1998)

Cando lle envía estes poemas (o 13 de marzo de 1936), está a punto de saír do prelo o pequeno volume *Primeiras cantigas do AMOR*, publicado pola curiosa editorial UN, que dirixía, en Mondoñedo, Álvaro Cunqueiro. Dos sete poemas, catro pertencen a este libríño.

Sobre o poema en castelán, “Canción de la espuma florida”, facemos unha consideración no apartado oportuno do Estudo preliminar.

### SAMUEL EIJÁN

(San Clodio, Leiro, 1876 – Santiago, 1945)

Na resposta ó Inquérito achega unhas xenerosas páxinas bibliográficas que debeu ter en conta, anos despois, José Luis Soto Pérez (O. F. M.) no seu minucioso catálogo *Un siglo de historia literaria (1862-1962). Noticia bio-bibliográfica sobre los religiosos hijos del Colegio de Misioneros Franciscanos para Tierra Santa y Marruecos establecido en Santiago de Compostela*. Santiago, Imp. “El Eco Franciscano”, 1963, pp. 252-281.

Como autoantólogo, Samuel Eiján propón só oito poemas: 3 de *D’a y-alma* (1915), 2 de *Aleteos* (1926) e 3 de *Froliñas de San Francisco* (1926). Non escolle ningún poema do seu primeiro libro, *Mágoas* (1902; 2ª ed., 1913).

### [59] CELSO EMILIO FERREIRO

(Celanova, 1912 – Vigo, 1979)

a) A primeira noticia das respostas ó Inquérito, dánola o propio Filgueira Valverde nun artigo do *Faro de Vigo*, publicado poucos días despois da morte do gran poeta (9-9-1979). No artigo, “O primeiro Celso Emilio”, Filgueira ofrécenos algunhas liñas das respostas (o artigo reproducéno en *Segundo Adral*, Edicións do Castro, 1981).

Dous anos despois, no Suplemento Cultural do *Faro de Vigo* (27-8-1981), publiquéi eu o artigo “Celso Emilio Ferreiro nunha Antoloxía de Filgueira Valverde de 1936”, artigo no que ofrecía dous dos nove poemas enviados ó antólogo, “Apunte” e “Cando?”, este inédito daquela.

Parte destes nove poemas non foron recolleitos en volume, nin sequera na *Poesía galega completa* preparada polo profesor Ramón Nicolás (Vigo, Xerais, 2004).

b) “Proeito, en colaboración con Xosé Velo, ... *Cartafol de poesía...*”.

Polo que conta o propio Celso Emilio, publicaron, en oito entregas, dezaseis poemas, oito de cada un (Aristides Silveira, “Cartafol de poesía, Celanova, 1936”, *Faro de Vigo*, 27-8-1981).

c) Poética.

Se en 1936 afirmaba que a poesía era “inútil pretender defini-la”, en 1955 entendía o mesmo, que era “millor non defini-la, nin espricala”. Agora ben, vinte anos despois da primeira formulación, sitúa ó poeta no seu tempo e chega á conclusión de que debe “ser o seu voceiro”. Por este camiño conclúe que os poetas galegos, despois de “retorcerlle o



pescozo ó reiseñol do lirismo [60] lacrimóxeno”, “teñen que mergullarse con desesperado esforzo no mundo social da nosa terra; nos problemas vivos do noso tempo; nas angurias das nosas xentes”.

É a famosa sociopoética de 1955, tan inquietante, nesas datas, para os poetas lacrimóxenos e nefelibatas, como a de Luís Seoane, os únicos que, na *Antoloxía* de Fernández del Riego toman partido, entre as liras posibles, pola lira de bronce.

## MANUEL GARCÍA BARROS

(Berres, A Estrada, 1876 – Pousada, Callobre, 1972)

Para coñecer a obra poética deste autor, que non é o xénero no que máis destacou, consúltese o volume de Xosé Ramón Freixeiro Mato *Personalidade e obra inédita ou esquecida de Manuel García Barros*, Asociación Cultural A Estrada, 1999.

No capítulo “Textos poéticos” non se recolle “Foi un amor amorado”. En canto a “Oración da media noite” precísase que foi publicada n’*A Fouce*, Bos Aires, 25, 10-1-1931.

## [61] AVELINO GÓMEZ LEDO

(Chantada, 1893-1977)

a) “Eu non sei se son algo poeta. Polo si ou polo non, xa que mo pides, veleí che mando un poemiña que me pareceu o menos malo dos meus –“A lenda de Calrosmo”–, que mereceu ser traducido na língoa de Dante por G. Batelli”.

En efecto, Guido Batelli publicou a versión italiana en *Nós*, nº 93, 15-9-1931, pp. 156-158 (o texto orixinal fora publicado en *Romanceiro compostelán*, 1926). O poema de Gómez Ledo reaparece en *Poemas composteláns* (1954), volume que acolle a versión italiana de 1931, a croata de Luka Brajnovic, e a alemá de Mathilde van de Pas de Goldis.

b) “Como proieutos –¡se me deixaran outros traballos!– teño o de publicar un tomo de versións e traducións do grego, latín, italián, inglés, portuxés...”

Versións súas do grego e do latín aparecerán, en 1972, no volume *Escolma de poetas líricos gregos e latinos voltos en linguaxe galego*, Santiago, Instituto P. Sarmiento de Estudos Gallegos. Cando lle contesta a Filgueira xa publicara as *Églogas*, de Virxilio (*Nós*, 1930) e fragmentos de *De rerum natura*, de Lucrecio (*Nós*, 91, 1931).

Non teño noticias de que publicase traducións do italiano, inglés e portugués.

c) “Como proieutos [...] algunhas composicións orixinais en grego, latín, portuxés, galego e castelán”.

Non teño noticias de que poetizase en portugués e en grego. En canto ó latín coñezo un sonetillo (de versos pentasílabos) titulado “Mater!”, que abre o sonetario *Templos serenos* (Marid, Ediciones Verdad, 1944).

[62] Sabemos polo propio autor que perdeu moitas páxinas literarias súas nos anos da Guerra Civil, que pasou, non sen tribulacións, na España republicana. Léase, verbo desta cuestión, a “Nota preliminar” a *Poemas composteláns*, Madrid, Impr. Avilista, 1954:

Fai xa moitos anos que saíu do prelo eiquí en Madrid un cativo ROMANCEIRO COMPOSTELAN, a miña pirmeira obríña na fala galega, laboura de xuventude, un chisquiño arrichada e outro chisquiño incorreita. Tantas tachas tiña aquela edición que me porpuxen nunha posibel emposta refacela e aperfeizoala a mór grorea do Apostolo e da cibdade incomparabel –vieira de isa pérola santa– a quen eu nado por aquiles curunchos galegos, adeprendín dendes de neno a amar e admirar jondamente. Arredor do ano 1936 e con vistas ó xubileu daquela próisimo, fun devagar correxindo e compondo dúas ducias de poemas mais pra engadirillos a nova edición. Cando todo estaba xa disposto pra emprenta veleiquí chimpase sobor da patrea a malfadada revolta que veu avesar a miña bóa tención. O traballo con outros moitos de desvariado caraiter despereceron sin deixar restollo. Apontamentos, ficheiros e libros todo se perdeu sin esperanza naquíl inferno, agás da vida e do ideial que val mais que a vida. Co tempo os azos caídos fóronse repondo un tantiño, e descomasí rexurdiu da borralleira do meu curazón algo de aquil fogo a faiscar non sei se endebén ou endemál nas páxinas que tes diante de ti, querido e devoto leitor. (p. 5)

Non hai referencias a estes textos alófonos no “Estudio bio-bibliográfico” de M<sup>a</sup> Olga Varela Rodríguez publicado no volume *Avelino Gómez Ledo. Centenario*, Deputación de Lugo, 1996. A autora consultou os fondos documentais de don Avelino, obrantes desde hai anos no Mosteiro de Oseira. Por tanto, Gómez Ledo, hoxe por hoxe, non é poeta pentalingüe, pois non coñecemos textos seus en grego e en portugués.

[63] d) “Eu desexaría esquirbir un libro de Cántigas coma as dos Canzoeiros, a máis outa poesía lírica do mundo, ó meu parecer”.

Sinalemos –sen comentarmos a hipérbole– que, anos despois, compuxo páxinas “ó xeito medieval” no libro *Cancioeiro da Nosa Señora do Faro* (1953). Cómpre salientar nese poemario o “Cantar de amigo”, feito a partir dunha das cantigas de Johán de Requeixo, cantor da ermida do Faro no século XIII.

## AQUILINO IGLESIA ALVARIÑO

(Seivane, Abadín, 1909 – Santiago, 1961)

a) Filgueira Valverde publicou, en versión resumida, as respostas do Inquérito: no *Faro de Vigo* o 17 de maio de 1986. Era o Día das Letras Galegas dedicado a Aquilino. Reproduciu ese artigo, “Da autopoética de Aquilino”, no *V Adral*, Ediciós do Castro, 1989. Por certo, nesa data, 1986, facía esta promesa: “... gardo, con agarimo, as súas respostas á miña antoloxía consultada do 1935, que estou a dispor para a publicación.” Como sabemos, durante dez anos non preparou a edición.

b) Hai dúas respostas ó Inquérito, que nós, aínda sendo notorias as coincidencias, publicamos, por entendermos que na segunda hai datos e precisións ausentes na primeira.

c) Libros inéditos:

[64] *Camiños de ningures (poemas)*, 1931

*Derradeiros poemas (poemas)*, 1934-1936

Nunca Aquilino publicaría poemarios con estes títulos. Dos 18 poemas que envía a Filgueira, dous serán publicados en *Cómaros verdes* (1947), o primeiro libro de poesía galega seu posterior a este Inquérito.

Este é un corpus poético especialmente interesante, inescusable para o estudoso da evolución literaria do autor: poemas descoñecidos, criterios lingüísticos a ter moi en conta (“levantouse”, logo “ergueuse”, “ouvir”, logo “oír”...); solucións estilísticas (“o azul da flor”, logo “o aquel da flor”); opcións gráficas...

### **FRANCISCO LEAL INSUA**

(Viveiro, 1912 – Madrid, 1997)

No estudo preliminar facemos algunhas consideracións sobre esta carta. Leal Insua, autor de non poucos libros de poesía despois da Guerra, nunca escribiu en galego, nin sequer ocasionalmente.

En canto á noticia de que existen “varias composiciones mías vertidas al gallego por Noriega Varela”, é algo no que convén que reparen os noriególogos.

### **[65] GONZALO LÓPEZ ABENTE**

(Muxía, 1878-1963)

Non se atoparon nos fondos documentais da Fundación Filgueira Valverde as “coartelas” nas que López Abente resposta ó Inquérito.

### **RAMÓN OTERO PEDRAYO**

(Ourense, 1888–1976)

a) As respostas ó Inquérito son unha beizón para os eruditos: pola riqueza e sorpresa nos datos e por seren uns “apuntes” redactados no mellor estilo oteriano. Abundan as secuencias saborosas.

Filgueira Valverde, consciente da valía destas respostas, publicounas xa en 1978 (“Unha confesión autobiográfica”, primeira parte de “Seis inéditos de Otero Pedrayo”, en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Santiago, 1978-1979, pp. 10-13) foi, de feito, o primeiro capítulo da *Antoloxía* que deu a coñecer. Filgueira consideraba “extraordinariamente valioso o esquema autobiográfico” (art. cit., p. 9). En 1988, ano no que don Ramón foi o persoeiro do Día das Letras Galegas, Filgueira ofrece, nunha revista, un amplo resumo da “confesión autobiográfica”, que comenta nalgunhas partes (“Autopoética de Otero Pedrayo, 1936”, *Outeiro*, A Coruña, nº 28, 1988. Recolle este traballo no *V-Adral*, Edicións do Castro, 1989, pp. 64-70).

[66] A “autobiografía” finaliza no ano 1912, circunstancia que suscita, en Filgueira, este lamento: “Mágoa que non continuase a refenda” (Op. cit., p. 70.). O propio Filgueira transcribe o final: “Pra outras follas déixanse as respostas aos outros puntos” (Otero Pedrayo, no manuscrito, escribe, claramente, “outra folla”).

b) Aínda así contesta, telegramaticamente, a dous epígrafes, “Lenguaxe” e “Poética”. Pero, cando o Inquérito lle esixe unha escolma dos seus poemas, a resposta, culta e retranqueira (tan oteriana), é:

Poemas: Ningún. O Seor R. O. P. (Requiescat *omne* pacem) di: “Non sum dignus...”

É certo que don Ramón non publicara ningún volume de poemas, pero composicións súas, non moi poucas, figuraban en revistas e noutros lugares. Sabíao moi ben Filgueira e sabíano outros lectores atentos, entre eles Carballo Calero, quen, nunha das respostas do Inquérito, aconsella: “En troques, creo indispensable –supoño que estarás conforme– que figure na colleita, no lugar oportuno, Ramón Otero Pedrayo, polo seu extraordinario himno ao xamón, contido en *Pelerinaxes*”.

Este é o Carballo Calero que en 1949 se dirixía ós responsables da colección Benito Soto (Pontevedra) nestes termos:

Si es verdad que se proponen reunir en un tomo versos de Otero Pedrayo, prestarán un servicio muy indispensable. Otero Pedrayo, cuya obra en verso apenas se conoce, es un poeta muy importante, aunque nadie parezca haberse dado cuenta.

Recollo estas palabras de Carballo Calero, e outras posteriores non menos entusiastas, no meu traballo “Da poesía de Otero Pedrayo: esquema histórico dos seus vindicadores” (*Oteriana*, Publicacións da Fundación Otero Pedrayo, 2000, pp. 87-96).

[67] Na segunda Antoloxía consultada, a de Del Riego, de 1955, Otero está axeitadamente representado: dez poemas, entre eles o himno ó xamón. Deles, a metade eran inéditos. ¿Mandoullos “ad hoc” don Ramón? Penso que non, e penso que, nesta altura, don Ramón non se consideraba “dignus” de figurar nunha escolma poética. Sabido é que Fernández del Riego, o home que tivo unha relación vital moi intensa con don Ramón (superior á de Ramón Piñeiro e García-Sabell), posuía textos inéditos –en verso e en prosa– do seu amigo que a ningún outro confiaría. Creo, pois, que o capítulo dedicado a Otero Pedrayo na *Escolma* (once páxinas de poemas) foi elaborado sen consultar ó autor dos textos. É significativo que a Poética non sexa unha autopoética; e unha páxina crítica de Carballo Calero.

## XOSÉ LOIS PARENTE

(Maceda, 1903-1948)

Este é un dos poetas que, como outros do galeguismo de dereitas, non publicou versos en galego despois da Guerra Civil nin tivo actividade literaria pública de ningún tipo. Vid. o recente libro de Santiago Prol *Xosé Lois Parente, poeta e galeguista na II República* (Ourense, Grupo Academia Postal Editores, 2006); tamén o meu libro *Os escritores galegos ante a Guerra Civil* (Galaxia, 2007, p. 441).

Dos poemas enviados a Filgueira, algúns non os recolle Santiago Prol (non só os dous inéditos). Co título “Camiño de Portonovo” hai dúas composicións: a repro-[68]ducida por Prol (de *Nós*, 1935) e a enviada á *Antoloxía* (de *La Tarde*, 1934).

Para trazar o seu perfil político quizais conveña ter en conta un fragmento dunha carta súa a don Ramón Otero Pedrayo:

Xa ve como se cumpren as súas profecías de que o marxismo e os que lle faguían comparsa matarían o tradizionalismo galego. ¡Non quixeron faguer caso!

É do 13 de setembro de 1932, moito antes de que o Partido Galeguista formalizase a súa coalición cos Partidos políticos do Frente Popular.

## RAFAEL PAZOS GIMÉNEZ

(Padrón, 1908 – Vigo, 1994)

Todo un libro, un pequeno libro, *Lecer*, é o que lle envía a Filgueira en xaneiro de 1936. Son vinte e cinco poemas, dos que un, polo menos, xa non era inédito (“Madrigal morto”, *Nós*, 108, 15-12-1932).

Que eu saiba, este autor non ten suscitado ningún estudo. Supoño que Carballo Calero coñecía algúns textos de Pazos Giménez, os suficientes para encadralo nunha lista de poetas neorrománicos ou imaxinistas con dezaioito máis (*Historia da literatura*, p. 709).

De *Lecer*, o trazo gráfico máis rechamante e insólito na época é o grafema ç, que parece traducir o seseo (esença, reçendo, coraçon...), se ben hai non poucas excepcións (circo, frorece...).

[69] Velaquí outro poeta galego que, despois de 1939, non emitiu signos públicos de ningún tipo que nos fixesen recordar a súa actividade literaria anterior ó Dezaioito de Xullo de 1936.

Estamos, en 1936, ante un poeta “interesante”. Carballo Calero, nunha das respostas do Inquerito, faille a Filgueira esta recomendación: “En Padrón hai un poeta inédito e interesante, Rafael Pazos Jiménez, que debe ir na antoloxía. Se non o coñeces, faite co medio de porte en comunicación con il”.

## EMILIO PITA

(A Coruña, 1910 – Buenos Aires, 1981)

a) “Teño a publicar este ano o meu primeiro libro de versos que se chama *Ter-Ter*, en edición fóra de venda”.

Non hai noticia deste libro. Para todos os estudosos, o primeiro volume de Pita é do ano 1942: *Jacobusland*, Buenos Aires, Imp. Iglesias e Matera.

b) Existe unha edición da obra poética do noso autor rigorosamente anotada por José Ángel García López (*Edición e estudo da obra poética de Emilio Pita*, Universidad de Murcia, 2006). Neste traballo, que é a súa tese de doutoramento, cuestiona, con razóns plausibles, os argumentos tidos en conta por X. M. Maceira Fernández para atribuírle a Pita os poemarios *Polos camiños do pobo* e *Vieiros de brétema*.

c) En canto ós doce poemas enviados a Filgueira [70] Valverde, tres publicounos despois en versión moi refeita: “Romance da poncela loira” e “Romance dos sete mariñeiros” en *O ronsel verdegal* (1964); “Poema do mariñeiro que morreu na mar” en *Jacobusland* (1942). Antes xa publicara “Romance” (*Nós*, 1931), “Cantiga á beiladora velida” (*Galicia*, Buenos Aires, 15-11-1932) e “Ronseles” (*Céltiga*, 1931), que agora, en 1936, aparecen moi retocados, tanto que o primeiro titúlase “Romance do fidalgo que pregoa ontes”.

O resto dos poemas cómpre examinalos con lupa coa sospeita de que, antes ou despois, poden atoparse en versións moi distintas.

## MANUEL PRIETO MARCOS

(Tui, 1905 – Buenos Aires, 1945)

En 1943 publicará o seu único libro, *Versos en gama de gaita* (Buenos Aires, Edicións das Mocedades Galegas), no que figuran tres dos catro poemas enviados a Filgueira (non incorporou “Mourenza”).

## [71] ELISEO PULPEIRO

(Ribadeo, 1901 – Buenos Aires, 1974)

Sábese tan pouco deste escritor que os datos que nos ofrece nas respostas (breves, por outra parte) do Inquérito, non carecen de interese. Hoxe por hoxe a semblanza máis ampla é a voz da *Gran Enciclopedia Galega* redactada por Eduardo Gutiérrez, ribadense como Pulpeiro. Alberto Vilanova, nun breve apartado, refírese á súa poesía nestes termos: “Buen poeta ha dejado dispersos sus versos por la prensa gallega, que debieron ser recogidos en volumen por la alta calidad de su inspiración” (*Los gallegos en la Argentina*, Centro Gallego de Buenos Aires, II, 1966, p. 1369). Gutiérrez sinala: “...destacou como poeta, sobre todo en castelán”.

Dos dous poemas enviados a Filgueira non é nada desdeñable o soneto “Muiñeira”, escrito nun verso moi axeitado: hendecasílabos de gaita galega.

## JUAN LUIS RAMOS PÉREZ COLEMÁN

(Ourense, 1913 – Madrid, 1990)

Que se saiba, ninguén ten recollido a obra poética dispersa (pouca probablemente) deste autor. A que coñezo, tres textos na revista *Nós* (dous poemas e un relato poético), convérteno nunha voz non exenta de orixinalidade dentro das voces novas daquel tempo (1934). O mesmo acontece coas dúas composicións da revista *Cristal* (Pontevedra, 1933).

[72] En marzo de 1936 está mergullado nos “libros de oposicións”, a notarías, supoño. Notario foi en varias cidades de España. Ramos Pérez Colemán non emitiu xestos literarios, despois da Guerra Civil, que nos fixesen pensar que aínda existían no seu espírito algúns dos ideais compartidos cos lumes de *Nós* antes da Sublevación do Dezaioito de Xullo.

Nun breve “curriculum” escrito en terceira persoa para a edición facsimilar de *Cristal*, afirma:

Ó comezar os estudos universitarios, e apadriñado por Ramón Otero Pedrayo, entra no galeguismo pola porta grande da mesa-camilla de Risco [...] Cando chega a Guerra Civil ten para publicar un poemario, *Lonxana arcadia en maio*, que desapareceu na editora ou camiño dela. Coa guerra acábase iste curriculum. Dende entón viviu fóra de Galicia, mantendo pasiva a súa vinculación co galeguismo e, epistolariamente activa, a amizade dos mestres Risco e Otero e a do seu compañeiro de xeración Francisco Fernández del Riego (*Cristal*, Xunta de Galicia, 1998, pp. 94-95).

A don Ramón confésalle o 19 de outubro de 1953: “En Madrid voy poco a poco perdiendo contacto con los pocos amigos de antes”. Nesas datas tiña un certo predicamento cultural e galeguista a tertulia do Lyon d’Or (Cabanillas, Ben-Cho-Shey, Álvaro Gil, Fermín F. Penzol...), xuntoiro que non entrañaba risco político de ningún tipo.

Quen confesa que entrou no galeguismo “pola porta grande da mesa-camilla de Risco”, comunícalle a don Ramón Otero, en 1942, desde a súa notaría de Calasparra (á beira do río Segura):

Es, pues, gente feliz. Aunque las costumbres van variando, especialmente a partir de la guerra. Por aquí cerca, en Moratalla, se conservan más puras. La casada no come a la mesa de su marido. La joven no [73] sale de casa sin cubrir la cara. No saben bailar, tampoco las he oído cantar... (28-11-1942).

Despois de citar a un modisto de moita sona, que non podía tomar as medidas ás mulleres, labor que facía unha súa irmá, non costureira, finaliza:

Tengo para mí que esta gente no reza ni creen. No han debido de creer nunca. Pero la Notaría es buena. Desde que llegamos creo que vendido ya media Huerta.

### **MIGUEL REVESTIDO**

(Ferrol, 1892 - Buenos Aires, 1938)

Ninguén ten citado unha fonte de información que supere en datos a lacónica carta que lle envía a Filgueira en marzo de 1936.

Dos “dous libros en castelán”, coñezo un, *Flores de otoño* (Buenos Aires, Est. gráfico J. Estrach, 1923). Non escasean nel os poemas de tema galego, algúns con títulos tan significativos como “El alalá”, “Curros Enríquez” e “Santa Rosalía de Castro”, poema este no que fai uso deliberado de galeguismos (“Dulce Rosalía, la del buen falar”).

Non logrei consultar o outro libro de poemas, *De mi alma*, anterior a 1923, nin a súa comedia, *Fusión de almas*.

Un espírito nobre e excelente poeta, Xervasio Paz Lestón (Muxía, 1898 – Buenos Aires, 1977), publicou en 1950, na revista porteña *Alborada* (nº 148), un [74] poema en castelán, “Homenaje (a Miguel Revestido)”, no que abundan versos tan admirativos coma estes:

Mas ¿do está el testimonio del recuerdo  
que te deben los hijos de Galicia  
por las duras batallas que libraste  
con tu pluma hecha espada día a día,  
por tus noches amargas de emigrado  
pasadas en vigilia?...

Son 96 versos, ategados de devoción rural que a musa honrada de Paz Lestón pousa na tumba de Miguel Revestido, “voz rebelde y valiente”, doce anos despois da súa morte. Reproduce esta especie de epístola moral o profesor Miro Villar na súa documentadísima monografía *A poesía galega de Xervasio Paz Lestón* (Ediciós do Castro, 1998, pp. 544-46).

Marivel Freire, especialista en Avelino Díaz e noutros poetas galegos da Arxentina, infórname de que Revestido publicou poemas en *Céltiga*, de Bos Aires. Eu salientaría, “¿Ónde está teu carreteiro?” (59, 10-6-1927), glosa dun celeberrimo poema de Cabanillas, e “¡Estreliña!” (77, 10-3-1928), sobre Rosalía de Castro. No número 62 (25-7-1927) publica “Oración do emigrante”, prosa poética que non debe confundirse co poema enviado a Filgueira co título “A oración do emigrante”. En *Galicia* (da Federación de Sociedades

Gallegas) reproducése un poema, “Galego” (17-7-1948), quizais co gallo do décimo cabodano. Figura na presente *Antoloxía*.

Sorprende e asombra que o eruditísimo Alberto Vilanova non lle dedique, cando menos, unha páxina no segundo volume de *Los gallegos en la Argentina* (Buenos Aires, 1966).

### [75] JOSÉ RIBAS MONTENEGRO

(ca. 1890 - ¿?)

Son moi escasas as noticias que temos deste “xornalista galego” que Fernández del Riego lle propón, como poeta, a Filgueira Valverde. En efecto, figura, como cre recordar Del Riego, na *Literatura* de Eugenio Carré Aldao, se ben só cun poema, “O peto de Pondal” (*Literatura gallega*, Barcelona, Maucci, 1911, pp. 313-14). No *Diccionario* de Couceiro Freijomil protagoniza un informe de liña e media: “Por los años 1905 a 1907 envió a la *Revista Gallega*, de La Coruña.” (III, 1953, p. 179). Non nos ofrece máis datos Carballo Calero: “...colaborou na *Revista Gallega*. É autor da composición titulada “O peto de Pondal” (*Historia*, p. 465).

Este poema, dedicado “Ao maestro D. Eduardo Pondal”, tomouno Carré da *Revista Gallega* (La Coruña, 600, 16-2-1906). Non escasean, en efecto, as composicións súas nos anos mencionados: “Amañecer” (nº 555), “Muiñeira” (560), “No desterro” (570), “Da terra chaa” (573), “A Luís Taboada” (586), “O espello” (607), “Paisaxe castelán” (610), “Non a espertes” (629), “¡Si a cotra queda na carne!” (636)... No número 592 (22-7-1906) publicou “Arrolade o noso sono”, dedicado “ó meu querido irmán en Sta. Galicia Bermúdez Jambrina”. Quen adxectiva de “santa” a Galicia, trinta anos despois segue a ser, segundo Fernández del Riego, “galeguista até a médula”.

Neses anos, envía poemas desde Madrid, á *Revista Gallega*, Montepreto, pseudónimo sospeito, do noso Montenegro. Por certo, nesta revista unhas veces a grafía do primeiro apelido é con “b” e outras con “v”.

Por outra parte, cónstame que colaborou, como poeta, noutras revistas, entre elas, *Céltiga*, de Bos Aires.

[76] Os poemas que remite, non exentos de interese, posúen unha certa modernidade, sobre todo “Cobiza”. O autor non debía de estar insatisfeito cando envía dúas versións, unha manuscrita e outra impresa.

### ELADIO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ

(San Clodio, Leiro, 1864 – A Coruña, 1949)

Cando don Eladio recibe o Inquérito está retirado de toda actividade intelectual pública. Estábao desde xaneiro de 1934, data na que dimite como Presidente da Real Academia Galega. Na circular que cursa ós académicos numerarios, aclara: “Por prescripción facultativa me ha sido vedado dedicarme a trabajos mentales...( V. o art. de Victoria Álvarez Ruíz de Ojeda “Eladio Rodríguez González e a R. A. G. Crónica e epistolario”, *Boletín da Real Academia Galega*, nº 362, 2001, p. 33). Na carta a Filgueira insiste en que renunciou á Presidencia “por non poder adicarse a traballos mentales”. Por esta razón non lle contesta ó Inquérito: “... perdoe que non lle dea a miña opinión sóbor do que me pregunta”.



Supoño que hai outros motivos para non contestar ó cuestionario (ou a unha parte del). Téñase en conta que, na mesma carta a Filgueira, recoñece que se dedica ó labor caladiño de redactar o *Diccionario*, o “pan espirtoal da ialma, que parece que me remozza e me dá pulos”. Así pois, non estaba diminuído para o traballo intelectual, para os “traballos mentales”. Outra cousa é que rexeite a “pubricidade”, neste caso mínima pois non pasaría dunha ou dúas páxinas, pouco ruidosas, nun volume de centos de páxinas.

[77] Quizais é o poeta o que está desgustado. Lémbrese que o seu último libro de poemas, *Oraciós campesiñas*, data de 1927, e que é nese volume onde anuncia, entre as obras “preparadas pra publicar”, o poemario *Sementadores de ideal*. Nunca o publicou. Sentíase incómodo, como poeta, naquel novo tempo literario, tanto como para pronunciarse nestes termos:

Una fiebre demoledora ha invadido los cerebros juveniles de unos pocos que quieren formar la vanguardia de nuestra actualidad [...] Lo triste de esta iconoclastia, que parece tener instintos necrófagos, porque hasta con los muertos se atreve, es que no deja entrever un atisbo reconstructor. Todo es en ella destrucción implacable y desoladora. Para los menos aristarcos, nuestra presente y pretérita literatura resulta abominable y nefanda. Rosalía Castro, Curros Enríquez, Cabanillas, Lamas Carvajal y otros son unos vulgares fabricantes de tópicos de morriña y saudade. (Prólogo ó libro de Mario Canda *Cantigas y cantares*, Ribadavia, 1928).

É o ano 1928, o ano do libro de Manuel Antonio *De catro a catro*. O Manuel Antonio que verdadeiramente lle doe é o do manifesto *Mais alá*, de 1922, aquela proclama “implacable” que non indulta, sequera, ós nomes sagros (Rosalía, Curros Enríquez...). Supoño que a don Eladio non lle agradaba “competir”, nunha antoloxía, con poetas de semellante iconoclastia (V. o meu prólogo á *Escolma de poemas*, Vigo, Galaxia, 2001, pp. 12-15).

Cremos, en efecto, que a non colaboración de don Eladio responde a máis motivos dos que explicita na súa carta. Sendo certo que don Eladio non envía versos nin contesta ó Inquérito, pensamos que é útil a publicación desta carta, tan vencellada á *Antoloxía consultada* aínda que sexa para non figurar nela. Temos noticia dun caso máis ou menos semellante, o de Luís Pimentel, quen, segundo Álvaro Varela Suanzes-Carpegna, “[78]testou ao antólogo pero tan só para desculparse por non responder ao cuestionario nin remitir ningún poema” (“Un achegamento ao estudio das antoloxías literarias do primeiro tercio do século XX: a *Antoloxía comentada* de Filgueira Valverde e a *Pequena Antoloxía Lírica* da F. M. G.”, *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*, Universidade de Santiago de Compostela, 1999, II, p. 1539). Por certo, este traballo, moi breve (5 páxinas), é o primeiro e o único que se publicou sobre a *Antoloxía* de Filgueira Valverde.

É lástima que na Fundación Filgueira Valverde non se atope (hoxe por hoxe) esta carta de Luís Pimentel. Cabe sospeitar –só sospeitar– que daquela (fins de 1935) Pimentel só se considerase poeta en castelán. De aí, a negativa a enviar poemas e responder ó cuestionario.

**ÁNGEL SEVILLANO**  
(Vigo, 1906-1989)

A carta do 3 de maio de 1936 (“Poden elexir o que máis lle agrade”) fainos pensar que enviou poemas a Filgueira Valverde.

Despréndese das súas últimas cartas que lle enviou o libro *O muíño albeiro*, publicado en Vigo no ano 1935 (no colofón consta: 25-9-1935).

**[79] VICTORIANO TAIBO**  
(Santiago, 1885 – Vigo, 1966)

a) “Publicou [fala en 3ª persoa] un libro de versos, *Abrente* [1922], e un opúsculo de cantigas de xeito popular, *Da vella roseira* [1925]. As demais poesías foron publicadas en revistas e xornás. Con elas tenciona editar dous volumes nos que recollerá toda a súa obra poética”.

Nunha das lapelas do seu libro *Da agra aberta. Contos e lèndas* (Vigo, 1956) consigna o título deses dous volumes: *Abicedo (Poemas de Amore e da Suidade)* e *Cabrinfolas (Versos d’outrora)*. Pasaran vinte anos e os libros aínda estaban na fase “para seren publicados”. Dez anos despois, cando falece o poeta, continuaban inéditos.

Algúns estudosos teñen preguntado: ¿Existen tales libros? Hoxe temos a evidencia. Non hai moito tempo Gloria Taibo, filla do escritor, e Miguel Rodríguez Rodríguez, xenro, puxeron nas miñas mans a fotocopia dun e doutro manuscritos, que non tardarán en editarse. Quen coide a edición terá que examinar con moito tino os textos, non todos inéditos. Tamén haberá que ter en conta os textos que enviou a Del Riego para a súa *Escolma* (1955), un deles, o 6 (“Gaita...”), do libro *Cabrinfolas*.

b) Taibo, que non redactou a autopoética en 1935, envíalle a Del Riego, en 1955, unha moi extensa.

**[80] ANTÓN ZAPATA GARCÍA**  
(Laxe, 1886 – Buenos Aires, 1953)

É o autor que enviou máis poemas, 54, algúns moi extensos: 46 (éditos) na primeira remesa, e 8 (inéditos), na segunda. Comunicame Miro Villar, que está a ultimar a súa tese de doutoramento sobre este poeta, que, anos despois, publicou os oito do segundo envío.

Zapata recolleu unha boa parte da súa poesía n’*A roseira da Soidade*, libro que, por publicarse na España de Franco (La Coruña, Litografía e Imprenta Roel, 1954), foi moi castigado pola censura. Sobre a cuestión, é esclarecedor o prólogo de Miro Villar á segunda edición deste libro (Concello de Laxe, 2004). Poemas hai da *Antoloxía* de Filgueira (“Hórreo”, “Galiceibe”, “Sementador”) que non pasaron a peneira franquista.

Antón Zapata é un dos poetas que acolleu con máis entusiasmo a proposta e o Inquérito de Filgueira, que contestou coa máxima atención. En Buenos Aires foi un embaixador da “causa”, tanto que foi el quen instou a varios poetas da emigración para que acudisen á convocatoria programada por Filgueira. Incluso chegou a poetas case descoñecidos, como Miguel Revestido ou Eliseo Pulpeiro.

## [81] ESTA EDICIÓN: CRITERIOS

### 1. Orde dos autores

A ordenación é cronolóxica, sen dúbida a máis pedagóxica. Dentro dos 32 escritores, o primeiro é Eladio Rodríguez González (nado en 1864) e o último, Xosé M<sup>a</sup> Álvarez Blázquez, de 1915. Cando dous ou máis escritores naceron no mesmo ano, a coherencia obríganos a ter en conta o mes (é o caso de Celso Emilio Ferreiro e Manuel Casado Nieto, ambos os dous de 1912).

### 2. Textos dos autores

No caso óptimo, hai autores que enviaron unha Carta (ás veces, máis dunha), as Respostas ó Inquérito e Poemas (en ocasións, tamén inéditos). A orde dos apartados, en cada autor, é: Carta (s), Inquérito, Poemas. Como se verá, hai autores que responden a dous apartados e, mesmo, a un só.

### 3. Do Inquérito

Son moi poucos os que contestan a cada un dos sete “capítulos” de que consta o cuestionario de Filgueira Valverde: Biografía do poeta, Formación, Obra, Poética, Lenguaxe, Bibliografía, A Escolma.

Faino, con certo rigor, Antón Zapata García, mais, como cada un deses capítulos consta de varios apartados, moitos escritores non fixeron o esforzo de responder coa meticulosidade que o cuestionario esixía. Quizais, nalgún “capítulo”, atoparon epígrafes que, ó seu xuízo, se repetían noutros. Como, en xeral, os escritores creadores non son moi proclives a respostas precisas e non estaban afeitos a consultas desta amplitude, rigor e complexidade, unha boa parte dos interpelados contestaron “calamo corrente”, sen seren moi estritos nalgúns puntos, mesmo nos que non eran litixiosos. Casos hai en que o [82] poeta non responde ó Inquérito pero na carta ofrece algúns datos que, á súa maneira, poderían ser respostas dalgúns epígrafes do Cuestionario.

O lector vai ver que en moitos autores os títulos dos “capítulos” (Formación, Poética...) aparecen entre claudatos. Somos nós –non os poetas– os responsables de que eses parágrafos ou esas liñas se titulen así.

### 4. Lingua e ortografía

A *Antoloxía consultada* (cartas, inquérito e poemas) é un documento lingüístico moi importante daquel tempo, hai máis de setenta anos. Polo Inquérito sabemos qué criterios lingüísticos tiñan e qué “ortografía” asumían, e polos seus versos e as súas respostas sabemos se, na práctica, eran coherentes coa súa teoría. Daquela, o galego estaba moi pouco “normado”, aínda que moitos escritores estaban convencidos da utilidade duns criterios unificadores. Pero a práctica era como era, razón pola cal nós repectamos totalmente as modalidades lingüísticas e gráficas dos autores da Antoloxía.

Foi Ana Acuña quen transcribiu “ad litteram” os textos, en ocasións non sen esforzo, dada a dificultade de tantas e tantas páxinas manuscritas. Loxicamente, cando nun texto hai unha gralla evidente, subsánase.

## 5. Dúas clases de notas

Cando se trata de notas do autor dos poemas, nós utilizamos a sigla comunmente admitida: N. A. (nota do autor). Cando nun texto hai unha chamada, que remite a unha nota, se nesta non se consigna ningunha sigla, enténdese que é “nota dos editores” (é necesario, pois, poñer, nestes casos, N. E.).